

DITAME DE EMENDAS

DITAME DO CONSELLO NACIONAL ÁS EMENDAS XERAIS AOS TEXTOS

Emenda 000. Emigración. Xeral a todos os documentos: eliminación en todo o texto dos @, pasando a empregar feminino inclusivo.
REXEITADA.

DITAME DO CONSELLO NACIONAL ÁS EMENDAS AO REGULAMENTO

Emenda 001. O Condado. Páxina 3, liña 50. Artigo 14. Acrecentar, após “do relatorio”, o seguinte texto:
“, e unha segunda intervención ou réplica máis curta por parte da portavoz-emendante.”
REXEITADA.

Emenda 002. Pontevedra. Páxina 5, liñas 37 e 38. Artigo 23 (ii). Substituír “, como mínimo, 30% dos postos para cubrir, isto é, 15 persoas candidatas ordenadas” polo seguinte texto:
“a totalidade dos postos a cubrir”.
REXEITADA.

Emenda 003. Emigración. Páxina 7, liña 26. Artigo 34. Suprimir: “, en función das posibilidades técnicas,”.
REXEITADA.

DITAME DO CONSELLO NACIONAL ÁS EMENDAS AO RELATORIO

Emenda 004. O Morrazo. Páxina 1, liña 3. Substituír: “O nacionalismo galego” por:
“A esquerda soberanista galega”.
REXEITADA.

Emenda 005. A Coruña. Páxina 1, liña 6. Substituír “pobo diferenciado” polo seguinte texto:
“suxeito diferenciado”.
REXEITADA.

Emenda 006. Emigración. Páxina 1, liña 8. Acrecentar, após “libremente sobre”, o seguinte texto:
“o seu porvir e”
ACEITADA.

Emenda 007. O Morrazo. Páxina 1, liña 11. Suprimir “tal”.
ACEITADA.

Emenda 008. O Morrazo. Páxina 1, liña 25. Substituír “Galiza actual” polo seguinte texto:
“no momento presente”.
ACEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 009. O Morrazo. Páxina 1, liña 28. Substituír “da nación” polo seguinte texto:
“da nosa Terra”.

REXEITADA.

Emenda 010. Emigración. Páxina 1, liñas 30 á 36. Substituír todo o parágrafo polo seguinte texto:

“Agora ben, se o BNG é unha ferramenta imprescindible na Galiza de hoxe, defendendo en todos os eidos os soños e aspiracións da sociedade galega; a nosa responsabilidade é a de seguir ampliando e adaptando os tempos o movemento nacionalista para ser quen de solventar efectivamente os problemas e preocupacións da maioría do País, e que acabe por apoiarnos maioritariamente.”

REXEITADA.

Emenda 011. O Morrazo. Páxina 1, liña 30. Substituír “o BNG” polo seguinte texto:

“un proxecto ao servizo das clases populares galegas como o que representa o BNG”.

ACEITADA.

Emenda 012. Celanova-Baixa Limia. Páxina 1, liña 34. Substituír “liberdade” polo seguinte texto:

“independencia”.

REXEITADA.

Emenda 013. Emigración. Páxina 1, liñas 35 e 36. Substituír desde “encaixar” (liña 35) até o fin da frase (liña 36), polo seguinte texto:

“dar resposta aos problemas e preocupacións da maioría da sociedade galega e encarnar os seus soños e aspiracións”.

ACEITADA.

Emenda 014. O Morrazo. Páxina 1, liña 38. Substituír “O nacionalismo galego” polo seguinte texto:

“A esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 015. O Morrazo. Páxina 1, liña 40. Substituír “O nacionalismo e a soberanía son antitéticos...” polo seguinte texto:

“Un proxecto como o que representa o soberanismo galego é antitético...”

REXEITADA.

Emenda 016. Vigo. Páxina 1, liña 41. Acrecentar, entre “imperialismo” e “e que provoca”, o seguinte texto:

“no que unhas poucas empresas multinacionais acumulan máis poder económico -tamén social e cultural- que a inmensa maioría de estados existentes e teñen maior influencia nas nosas vidas que os poderes públicos que nos regulan,”

REXEITADA.

Emenda 017. O Morrazo. Páxina 2, liña 1. Substituír “as distintas nacións” polo seguinte texto:

“os pobos”.

DITAME DE EMENDAS

REXEITADA.

Emenda 018. O Morrazo. Páxina 2, liña 2. Substituír “todas as nacións” polo seguinte texto:

“todos os pobos”.

ACEITADA.

Emenda 019. O Morrazo. Páxina 2, liña 8. Substituír “se un país é” polo seguinte texto:

“un país”.

ACEITADA.

Emenda 020. O Morrazo. Páxina 2, liña 19. Substituír “o nacionalismo galego” polo seguinte texto:

“a esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 021. O Morrazo. Páxina 2, liña 19. Substituír “o nacionalismo galego” polo seguinte texto:

“a esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 022. O Morrazo. Páxina 2, liña 31. Substituír “Un nacionalismo para todo” polo seguinte texto:

“Un proxecto para”.

REXEITADA.

Emenda 023. Emigración. Páxina 2, liña 40. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“As sucesivas metaformoses do sistema capitalista e a situación colonial na Galiza xeraron –como estudamos noutra parte deste relatorio- un cambio na estrutura de clases galega e tamén mundial. As clases traballadoras ou populares foron medrando e mudando a medida que as condicións precarias foron socializándose nesta derradeira reforma neoliberal, pasando a maior beneficio do sistema de asalariadas a autónomas, ou de autónomas a economía sumerxida directamente.”

REXEITADA.

Emenda 024. Compostela. Páxina 2, liña 41. Substituír “clases traballadoras” polo seguinte texto:

“clases populares”.

ACEITADA.

Emenda 025. Emigración. Páxina 2, liña 42. Substituír “galegos e galegas traballadoras no” polo seguinte texto:

“traballadores e traballadoras dos sectores”

ACEITADA.

Emenda 026. Emigración. Páxina 2, liña 49. Acrecentar após o punto, o seguinte texto:

“E as persoas que realizan tarefas domésticas e de dependencia sen remuneración económica, principalmente mulleres”

DITAME DE EMENDAS

(A aceptación desta emenda conlevaría a eliminación da conxunción “e” na liña 48).

ACEITADA.

Emenda 027. Ferrolterra. Páxina 2, liña 50. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“Do mesmo xeito, cabe destacar os máis de 70.000 traballadores dos sectores da agricultura e a pesca que ven reducidas as súas capacidades de producir e as súas condicións de vida no marco dunha sucesión de políticas totalmente lesivas contra os seus intereses, 7e que se suceden no tempo, poñendo en risco a supervivencia dos seus postos de traballo e modo de vida.”

REXEITADA.

Emenda 028. A Coruña. Páxina 3, liñas 1 á 8. Substituír todo o parágrafo polo seguinte texto:

“O BNG debe aspirar a atraer tamén á pequena e mediana empresa, susceptíbeis de se adheriren a un proxecto nacional de conquista da soberanía, pois un poder político propio interesa a sectores económicos vinculados ao País, hoxe prexudicados por políticas que, fronte á dinamización económica local, favorecen as grandes empresas prestadoras de servizos con sede en Madrid ou deprimen a demanda interna que representa o espazo de múltiples micro-empresas e PEMES dependentes da capacidade de consumo do mercado interior e non das exportacións.”

REXEITADA.

Emenda 029. Emigración. Páxina 3, liñas 1 á 3. Substituír o texto até o punto e seguido (liña 3), polo seguinte texto:

“Os antigos sectores sociais intermedios (profesionais e pequeno e medio empresariado) dividíronse pola precarización das condicións laborais e por mor do pescozo de botella que xeran as crises económicas no tecido empresarial respectivamente, no 2015 había 168.971 empresas con actividade na Galiza sen ningunha persoa asalariada, e 45.400 que contaban só con 1 ou 2 asalariadas. Para eses novos sectores a conquista da soberanía é o único xeito de reverter as súas condicións económicas. Tamén,”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (a incluír na páxina 18, liña 35): *“os antigos sectores sociais intermedios (profesionais e pequeno empresariado) dividíronse pola precarización das condicións laborais e por mor das crises económicas no tecido empresarial respectivamente. No 2015 había 168.971 empresas con actividade na Galiza sen ningunha persoa asalariada e 45.400 que contaban só con 1 ou 2 persoas asalariadas.”*

Emenda 030. Valdeorras. Páxina 3, liña 3. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Unha soberanía que non só se concretiza no eido nacional, económico e popular, senón tamén no sexual. Porque o término soberanía tamén o temos que nutrir de sexodiversidade e da axenda feminista.”

REXEITADA.

Emenda 031. O Morrazo. Páxina 3, liña 11. Suprimir: “práctica nacionalista de”.

ACEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 032. Ría de Muros e Noia. Páxina 3, liña 14. Substituír “presenza do sector público nos” polo seguinte texto:

“nacionalización dos”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“regulación da actividade económica polos poderes públicos e control público dos sectores económicos estratéxicos.”*

Emenda 033. Emigración. Páxina 3, liña 18. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“Aliás, o nacionalismo galego organizado, aspirando a ser expresión das camadas sociais mais discriminadas e perseguidas, igualmente recolle todas as diversas loitas contra a inxustiza e a desigualdade como vectores dun mesmo movemento político unitario. Así, o BNG apunta a situarse sempre da banda das oprimidas e aposta na solidariedade como a súa mellor arma. O movemento feminista, as demandas do colectivo LGTBI ou a loita contra o racismo son partes inseparábeis dun nacionalismo que se pretende popular e de esquerdas, isto é, que pretende transformar radicalmente a sociedade, combatendo toda opresión.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Aliás, o nacionalismo galego organizado, aspirando a ser expresión das camadas sociais mais discriminadas, recolle tamén todas as diversas loitas contra a inxustiza e a desigualdade como vectores dun mesmo movemento político unitario. Así, o BNG colócase sempre do lado das oprimidas e aposta na solidariedade como a súa mellor arma. O movemento feminista, as demandas do colectivo LGTBI ou a loita polos dereitos humanos ou contra o racismo son partes inseparábeis do nacionalismo popular, que combate toda opresión e quere transformar radicalmente a sociedade.”*

Emenda 034. O Morrazo. Páxina 3, liña 30. Substituír “nacionalismo que representa o BNG” polo seguinte texto:

“proxecto representado polo BNG”.

ACEITADA.

Emenda 035. O Morrazo. Páxina 3, liña 30. Substituír “nacionalismo” polo seguinte texto:

“proxecto”.

REXEITADA.

Emenda 036. O Morrazo. Páxina 3, liña 31. Substituír “nacionalismo” polo seguinte texto:

“soberanismo galego”.

REXEITADA.

Emenda 037. O Morrazo. Páxina 3, liña 36. Substituír “nacionalistas” polo seguinte texto:

“soberanistas, ao servizo das maiorías sociais da nosa Terra”.

REXEITADA.

Emenda 038. Emigración. Páxina 3, liña 36. Acrecentar, após “nacionalistas”, o seguinte texto:

“de esquerdas”.

REXEITADA.

Emenda 039. Emigración. Páxina 3, liña 37. Substituír “asumíbeis por todos os”, polo

DITAME DE EMENDAS

seguinte texto:

“dirixidas aos diferentes”.

ACEITADA.

Emenda 040. O Morrazo. Páxina 3, liña 38. Substituír “O nacionalismo” polo seguinte texto:

A esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 041. Emigración. Páxina 3, liña 42. Acrecentar, após “sindicalismo”, o seguinte texto:

“ensino”.

ACEITADA.

Emenda 042. Compostela. Páxina 3, liña 42. Acrecentar, após “movemento feminista” o seguinte texto:

“movemento LGTBI, activismo pro-laico”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN COAS 043 e 044: *“movemento feminista, movemento LGTBI, activismo pro-laico, ecoloxismo, movemento en defensa da lingua, movemento cultural, recuperación da memoria democrática, movemento en defensa dos animais...”*

Emenda 043. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Ferrolterra, Emigración. Páxina 3, liña 42. Acrecentar, após “movemento feminista” o seguinte texto:

“movemento LGTBI”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN COAS 042 e 044.

Emenda 044. A Coruña. Páxina 3, liña 44. Após “animais”, acrecentar o seguinte texto:

“movemento LGTBI e recuperación da memoria democrática”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN COAS 042 e 043.

Emenda 045. Pontevedra. Páxina 3, liñas 44 e 45. Substituír “Neste sentido, o propio BNG autodefínese como un movemento socio-político que abrangue diferentes realidades para alén da expresión política” polo seguinte texto:

“Neste sentido, o BNG, como forza política, fai parte dese movemento”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Neste sentido, o propio BNG defínese como organización política que fai parte dun amplo movemento socio-político de liberación nacional que abranxe diferentes realidades para alén da expresión política”.*

Emenda 046. Pontevedra. Páxina 3, liña 49, á páxina 4, liña 2. Suprimir, desde o punto e seguido (páxina 3, liña 49), até o punto e final (páxina 4, liña 2).

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“O BNG ten, entre outras, a función de trasladar ao eido político as reivindicacións desta pluralidade de sectores e integrar as aspiracións dos distintos movementos sociais nunha alternativa política global. Velaquí as causas que explican que o BNG deba transcender do marco dunha organización política convencional para ser a expresión política dun movemento socio-político de defensa do país.”*

Emenda 047. O Morrazo. Páxina 4, liña 2. Acrecentar, após “país” o seguinte texto:

“e das súas xentes”.

ACEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 048. Costa da Morte. Páxina 4, liña 3. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“O BNG asume como modo de expresión política da democracia o consociativismo, en base a elo tentará aplicar en todas as institución de goberno as que poda acceder ou nas que poda influír o BNG, ben pola práctica política, ben pola introdución da lexislación e normativa acaída, sistemas consociativos ou consensuais de goberno, substituíndo a práctica de dinámicas de goberno e oposición por outras de tipo consociativo na que todas as forzas políticas que acaden un mínimo de representatividade accedan ás funcións de diversas áreas de goberno en proporción á representatividade social acadada nas eleccións.”

REXEITADA.

Emenda 049. O Morrazo. Páxina 4, liña 9. Acrecentar, após “soberanía”, o seguinte texto: *“desde parámetros de esquerda, é dicir desde unha inequívoca posición de defensa dos intereses das clases populares,”*

REXEITADA.

Emenda 050. O Morrazo. Páxina 4, liña 14. Acrecentar, após “liberdade”, o seguinte texto:

“de dispoñermos da capacidade de adoptar na nosa Terra as nosas propias decisións sobre os asuntos que nos afectan en función dos nosos intereses.”

REXEITADA.

Emenda 051. O Morrazo. Páxina 4, liña 16. Substituír “nacionalismo” polo seguinte texto: *“noso proxecto”.*

REXEITADA.

Emenda 052. Pontevedra. Páxina 4, liñas 16 e 17. Substituír “unidade posíbel sob o principio básico da auto-organización” polo seguinte texto:

“unidade posíbel sob os principios básicos da organización”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“sob o principio básico da auto-organización e a aceptación dos principios e acordos de que como organización colectivamente nos dotamos.”*

Emenda 053. O Morrazo. Páxina 4, liña 19. Substituír “do nacionalismo galego” polo seguinte texto:

“da esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 054. Ría de Muros e Noia, Emigración. Páxina 4, liña 28. Acrecentar, após “defensa do país”, o seguinte texto:

“e do seu dereito a decidir.”

ACEITADA.

Emenda 055. O Morrazo. Páxina 4, liña 29. Substituír “Rede de Concellos Nacionalistas” polo seguinte texto:

“Rede de Concellos Soberanistas”.

REXEITADA.

Emenda 056. O Morrazo. Páxina 4, liña 41. Substituír “O nacionalismo” polo seguinte

DITAME DE EMENDAS

texto:

“A esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 057. Compostela. Páxina 4, liña 43. Acrecentar, após “ecoloxistas”, o seguinte texto:

“republicanos, laicos”.

ACEITADA.

Emenda 058. O Morrazo. Páxina 4, liña 45. Substituír “do nacionalismo” polo seguinte texto:

“da esquerda soberanista galega”.

REXEITADA.

Emenda 059. O Condado. Páxina 4, liña 46. Substituír “dependente” polo seguinte texto:
“subordinado ao Estado español”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“A cuestión social e a cuestión nacional, nun país dependente e subordinado ao Estado español como a Galiza,”*

Emenda 060. Emigración. Páxina 5, liñas 4 á 9. Substituír o parágrafo polo seguinte texto:

“Na construción do noso discurso, elementos como “esquerda”, “feminismo”, “ecoloxismo” fan parte intrínseca do noso ideario, sen que iso supoña considerar o “nacionalismo” simplemente como un adxectivo ou ingrediente máis e polo tanto secundarizábel ou prescindíbel nun contexto en que se afirma desde distintos ámbitos que hai outras prioridades.

É precisamente a centralidade da cuestión nacional nunha nación sen soberanía como a nosa a que dá sentido á existencia do BNG e ao noso proxecto político.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Na construción do noso discurso “nacionalismo”, “esquerda”, “feminismo”, ecoloxismo”..., non deben ser entendidos como unha xustaposición de elementos que conforman o noso ideario, pois iso dificulta a diferenciación da proposta política do BNG ao aparecer o “nacionalismo” simplemente como un adxectivo ou máis un ingrediente e, por tanto, algo secundarizábel ou prescindíbel nun contexto en que se afirma desde distintos ámbitos que hai outras prioridades. É precisamente a centralidade da cuestión nacional nunha nación sen soberanía como a nosa a que dá sentido á existencia do BNG e ao noso proxecto político.”*

Emenda 061. Valdeorras. Páxina 5, liña 29. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Un discurso que denuncie constantemente a apoloxía do odio (racista, sexista, LGTBIfóbico, etc.) Para iso, é fundamental seguir despatriarcalizando o discurso nacionalista e mellorar a linguaxe e o discurso á hora de abordar as diversidades”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 088: Na páxina 5, liña 29 acrecentar, após “en positivo”, o seguinte texto: *“Este discurso mellorará a linguaxe á hora de abordar as diversidades, denunciará a apoloxía do odio (racista, sexista, LGTBIfóbico etc) e será a expresión dunha cosmovisión actualizada que se afaste de cánones sexistas e heterocentros.”*

DITAME DE EMENDAS

Emenda 062. Ourense-O Carballiño. Páxina 5, liña 45. Suprimir o seguinte texto:

“co réxime de 78, isto é”.

REXEITADA.

Emenda 063. Compostela. Páxina 5, liña 46. Acrecentar, após “borbónica”, o seguinte texto:

“católica”.

REXEITADA.

Emenda 064. Emigración. Páxinas 5 e 6. Substituír o Apartado 5 (“A concreción da soberanía”) polo seguinte texto:

“Afirmamos nas nosas teses a imposibilidade de reformar o Estado Español nun sentido positivo para o noso pobo. Asumindo plenamente esta premisa, temos que concluír que a República galega independente é a única posibilidade para conquistar un réxime novo, democrático, popular, e propio. Ademais de representar a opción posíbel -por moito que hoxe se apresente como un desafío aparentemente remoto- é tamén a máis desexábel: representa un antídoto imposible de asimilar contra calquera forma de continuísmo ou reforma do sistema, e demostra de forma innegábel a plena e auténtica confianza nas verdadeiras capacidades do noso pobo e do noso país, que pode desenvolver sen delegación de ningunha competencia.

Outras propostas, desde a reforma da autonomía até a alternativa confederal, tiveron xa o seu percorrido histórico propio e foron empregadas en situacións diversas, mais na actualidade nin recollen todas as aspiracións nin encerran toda a intensidade dos nosos problemas. A defensa dun Estado independente é consecuencia da evolución e maduración coherente do nacionalismo desde a súa propia historia e movemento, desde os movementos galeguistas e protonacionalistas até a reconstitución dun nacionalismo popular desde a oposición ao réxime franquista, sen esquecer a primeira afirmación explícita de nacionalismo asinada en Lugo hai case un século, e que tamén representou no seu día unha cesura cualitativa coas formulacións previas.

É tamén a forma máis clara e inequívoca de asegurar a ruptura cos distintos instrumentos de opresión e explotación do imperialismo, e así desenvolver un auténtico proceso de transformación social. A ruptura independentista é a fórmula que permite levar a realidade o resto de aspiracións que compartimos as e os soberanistas, a comezar pola autodeterminación, mais tamén a democracia, a igualdade, a solidariedade, a defensa do territorio, e en xeral todas as demandas políticas, económicas, sociais ou culturais. É a nosa principal achega á loita internacional polo poder popular e a democracia en todo o mundo.

Por último, esta é a formulación que mellor se entende no ámbito internacional, que entronca coa vontade e co método escollido por aqueles pobos que optaron pola recuperación ou adquisición primeira da súa soberanía, acadada -de forma abrumadoramente maioritaria- por medio da constitución dun novo Estado. Tamén o percorrido e a actualidade doutras experiencias independentistas no Estado Español, e a agresiva e antidemocrática reacción deste, confirman esta vía como a posíbel e necesaria. Ademais, permite establecer ou ampliar fortes alianzas cos distintos movementos democráticos, revolucionarios e de liberación nacional do mundo, a comezar polos dos distintos pobos que -forzosamente- padecen a dominación do mesmo Estado que nós, e que optan pola vía independentista.”

DITAME DE EMENDAS

REXEITADA.

Emenda 065. Lugo Sul. Páxina 6, liñas 2 á 4. Substituír (até o punto e seguido da liña 4) polo seguinte texto:

“O exercicio da soberanía nacional ten unha única forma de concreción posíbel: a creación dun Estado galego independente que poderá ou non decidir libremente a asociación da Galiza nun marco confederal.”

REXEITADA.

Emenda 066. Emigración. Páxina 6, liña 11. Acrecentar, após “producir”, o seguinte texto:

“, non se limita necesariamente aos pobos que actualmente integran o Estado Español e”.

ACEITADA.

Emenda 067. Emigración. Páxina 6, liña 19. Iniciar o parágrafo co seguinte texto:

“A constitución dun Estado independente é a vía máis habitual, segura e clara para que as nacións sen Estado accedan á soberanía, entre elas a nosa. Isto é así ao depender só da vontade dos pobos e exercerse pois de maneira unilateral, algo evidente na actual e irreformábel estrutura política do Estado español.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“A constitución dun Estado independente é a vía máis habitual para as nacións sen Estado accederen á soberanía, ao depender só da vontade dos pobos e poder ser exercida de maneira unilateral. Por outra parte, á opción dun Estado...”*

Emenda 068. Ferrolterra. Páxina 6, liñas 27 e 28. Substituír “En todo o caso, sentiremos como propia calquera actuación ou iniciativa que contribúa a avanzar no camiño da soberanía” polo seguinte texto:

“En todo o caso, sentiremos como propia, calquera actuación ou iniciativa que contribúa a avanzar no camiño da soberanía, ou expresións coma autodeterminación ou independencia usadas historicamente polo sentir nacionalista.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“No Bloque Nacionalista Galego teñen cabida ambas as opcións. É xustamente por iso que, para alén do termo 'autodeterminación', na comunicación como organización do noso obxectivo estratéxico priorizaremos a expresión 'Soberanía Nacional' por entendela abranxente ao tempo que plenamente significativo do punto de vista político. En todo o caso, sentiremos como propia, calquera actuación ou iniciativa que contribúa para avanzar no camiño da soberanía e, por tanto, tamén expresións como pacto confederal ou independencia, usadas historicamente polo sentir nacionalista.”*

Emenda 069. Emigración. Páxina 6, liña 32. Substituír “con experiencia das tres nacións, que”, polo seguinte texto:

“coa nosa experiencia e a das outras nacións”.

ACEITADA.

Emenda 070. O Morrazo. Páxina 6, liña 37. Substituír “nación” polo seguinte texto:

“Terra”.

REXEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 071. O Morrazo. Páxina 6, liña 44. Substituír “BNG” polo seguinte texto:
“soberanismo galego”.
REXEITADA.

Emenda 072. Emigración. Páxina 7, liñas 9 e 10. Substituír desde “propostas” (liña 9), até “definitivamente” (liña 10), polo seguinte texto:
“accións ao límite –e que intenten superar- o marco autonómico, poñendo en cuestión as limitacións do mesmo para deste xeito poder superalo”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“o BNG debe avanzar na Galiza con propostas que vaian ao límite e poñan en cuestión o exíguo marco autonómico xustamente para evidenciar diante da sociedade galega a necesidade de o superar definitivamente, camiñando para un status novo que garanta a capacidade real da nosa nación para decidir.”*

Emenda 073. O Morrazo. Páxina 7, liña 11. Substituír “da nosa nación” polo seguinte texto:
“da nosa Terra”
REXEITADA.

Emenda 074. Costa da Morte. Páxina 7, liña 22. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Sendo a posición da Galiza periférica vista dende unha perspectiva mesetaria e centralista española ou incluso europea, realmente é un nodo de centralidade dende unha perspectiva global e pensando nunha intermodalidade de transportes e comunicacións marítimo-terrestre polo que é importante o desenvolvemento e optimizacións das infraestruturas portuarias, e, ao tempo compre impulsar a actividade marítima como un dos eixos fulcrais da nosa actividade económica, tanto no aspecto de navegación, para o que compre impulsar e protexer a creación e desenvolvemento dunha flota comercial e para o que haberá que reunir capitais e proporcionar facilidades administrativas, como polo relanzamento da industria asociada e dos desenvolvementos tecnolóxicos aparelados, (os asteleiros e a industria auxiliar naval).

Polo que respecta aos ferrocarrís, fronte as dilapidadoras apostas polo TAV, darase prioridade ás liñas de mercadorías, especialmente é imprescindible que tódolos polígonos industriais e portos teñan acceso ao ferrocarril por ser o método mais racional, económico e sostible para o transporte pesado terrestre. O tren, sobre todo para as mercadorías, é aforro enerxético, ecolóxico e económico, o de viaxeiros, tamén, pero en menor grado...

As cercanías e os metros urbanos, polo menos na Coruña e Vigo, tamén serán prioritarios, tanto na reutilización das liñas existentes, como a construción de liñas novas que satisfagan a demanda real actual de desprazamentos de proximidade.”

REXEITADA.

Emenda 075. Emigración. Páxina 7, liña 25. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“que ademais permita equiparar o baremo de imposición das/dos emigrantes coas persoas do país.”

REXEITADA.

Emenda 076. Costa da Morte. Páxina 7, liña 25. Acrecentar, após o punto e seguido, o

DITAME DE EMENDAS

seguinte texto:

“Concerto Económico fiscal ademais ten que garantir unha "autonomía", (xa que a soberanía se nos nega), normativa en materia fiscal para procurar unha recadación mais xusta e social que faga recaer os impostos sobre as actividades mais especulativas ou extractivas fronte ao modelo actual que prima a especulación financeira e castiga a creación de riqueza local e autocentrada.

Para iso o BNG plantexaría unha reforma fiscal que reducira o IVE dos produtos e servizos de primeira necesidade incluíndo a cultura e contivera os impostos indirectos, (IBI, IVTM, etc...), e puidera crear novos impostos propios da Galiza, como:

Un imposto sobre as rendas altas compensatorio dos topes máximos de cotización a Seguridade Social..., (a súa recadación podería compensar o déficit galego das pensións)...

Un imposto sobre a comunicación interna de datos contables..., iso con ese nome tan confuso é algo ben sinxelo, se trata de cobrar as empresas con produción na Galiza e domicilio fiscal fora, un imposto sobre os beneficios obtidos na Galiza do 25%, equivalente ao imposto de sociedades que pagarían onde teñen a súa sede, (polo xeral Madrid ou Barcelona), por eses beneficios..., (se queren aforrarse iso, que trasladen a súa sede a Galiza)...

Un imposto as empresas sobre a baixa creación de emprego, de xeito que castigue a subcontratación e a externalización, (non a mellora de produtividade), co fin de combater o paro e tender a nivelación salarial...

Un imposto "medioambiental" ao transporte da electricidade en alta tensión a longa distancia, co efecto de cobrar sobre a exportación do excedente eléctrico.”

REXEITADA.

Emenda 077. Vigo. Páxina 7, liña 27. Acrecentar, entre “das comarcas” e “modelo propio”, o seguinte texto:

“reformulación dos concellos, recoñecemento das parroquias”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“recoñecemento das parroquias”*

Emenda 078. Costa da Morte. Páxina 7, liña 28. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“Nesa orde, a proposta do BNG para Galiza é redebuxar un novo mapa local, partindo do recoñecemento das parroquias rurais, as vilas e os barrios urbanos ou metropolitanos como as unidades básicas de organización administrativa territorial, como incluso establece o actual Estatuto de Autonomía como disposición pendente aínda de desenvolver. Definidas as unidades básicas (parroquias rurais, vilas e barrios urbanos e metropolitanos), procederase a reconfigurar o mapa dos actuais concellos en base á agregación coherente das unidades básicas (coherencia coa historia, coa natureza e a xeografía, coa realidade física, cos criterios de optimización de prestación de servizos e facilidade de comunicación e co adecuado dimensionamento poboacional, territorial e económico. Con estes concellos, xa todos de certa dimensión, deixarían de ter sentido as deputacións, polo que procedería primeiro baleiralas transferindo os seus medios e persoal, ben á Xunta, ben aos concellos, e logo, cando a inevitable reforma constitucional o permita, suprimíndoas directamente.”

REXEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 079. Emigración. Páxina 7, liña 31. Acrecentar un novo punto co seguinte texto: *“Creación dunha rede de embaixadas galegas no exterior, con información e asesoramento social e fiscal a emigrantes.”*

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Desenvolvemento dunha política exterior propia e creación dunha rede de embaixadas galegas con funcións políticas, comerciais e de atención ás colectividade galegas emigradas. Presenza directa da Galiza na institucións europeas e capacidade de veto en todos os asuntos que afectaren o seu ámbito competencial ou os seus intereses nacionais.”*

Emenda 080. A Estrada-Deza. Páxina 7, liñas 29 e 30. Substituír ese parágrafo polo seguinte texto:

“No prazo de 6 meses o BNG definirá a estratexia a seguir a respecto da presenza da Galiza na Unión Europea, espallando o debate entre toda militancia a través das canles organizativas que se ten dotado.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 092 (a incluír na páxina 14, liña 13): *“En consecuencia, o BNG definirá unha estratexia que, para alén de continuar a aprofundar nas análises, se centre en difundir socialmente as consecuencias para o noso País teñen as políticas da UE e contrapor as propostas tácticas e a alternativa nacionalista que necesariamente pasa pola soberanía.”*

Emenda 081. A Barbanza. Páxina 7, liña 32. Acrecentar, após “Galiza”, o seguinte texto:

“..., e tamén dos corpos e forzas de seguridade do Estado español”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 083 (a incluír na liña 19 e seguintes): *“• Supresión da administración periférica do Estado na Galiza e asunción de competencias plenas, entre outras, en materia de seguranza pública e viaria, infraestruturas de transporte de interese xeral (portos, aeroportos, control do tráfico aéreo e estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego), costas, salvamento marítimo e bacías hidrográficas. Implantación da hora que corresponde ao noso fuso horario.”*

Emenda 082. Costa da Morte. Páxina 7, liña 34. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“Nesa orde, a proposta do BNG pasa pola superación do principio imposto na Constitución española de que “A xustiza emana do pobo e é administrada en nome do rei por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei”, para establecer unha xustiza que “emane do pobo e sexa administrada en nome do pobo por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, elixidos democraticamente polo pobo”.

REXEITADA.

Emenda 083. Costa da Morte. Páxina 7, liña 36. Acrecentar un novo punto, co seguinte texto:

“Adaptar á realidade da nosa posición xeográfica e as condicións naturais a ordenación e regulación dos ritmos biolóxicos, sociais e produtivos, nesa orde o BNG reafírmase na súa tradicional posición de postular o troco da hora oficial na Galiza para adaptar os horarios ao ciclo natural, asumindo o fuso horario que nos corresponde e que é o mesmo que o de Irlanda e Portugal, os nosos veciños polo norte e polo sur cos que compartimos lonxitude xeográfica, UTC/GTM=0.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 081.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 084. O Morrazo. Páxina 7, liña 39. Substituír “As nacións” polo seguinte texto:
“Os pobos”.
REXEITADA.

Emenda 085. O Morrazo. Páxina 7, liña 41. Substituír “...nación. Constrúese país” polo seguinte texto:
“País,”
ACEITADA.

Emenda 086. Vigo. Páxina 7, liña 44. Acrecentar, após “galego” o seguinte texto:
“*pulando pola potenciación do noso Patrimonio, hoxe pouco valorado, investigado e divulgado polas institucións, pese a ser a testemuña máis directa da nosa Historia;*”
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: “*pulando pola potenciación do noso patrimonio*”

Emenda 087. Ourense-O Carballiño. Páxina 7, liña 44. Acrecentar, após “galego” o seguinte texto:
“*modernización do tecido económico galego adaptando novas formas de produción e consumo cooperativo e promovendo fórmulas innovadoras para garantir a satisfacción das necesidades materiais básicas en medio da crise da sociedade salarial;*”
REXEITADA.

Emenda 088. Valdeorras. Páxina 7, liña 48. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:
“*Unha cosmovisión actualizada que se afaste de cánones sexistas e heterocentros.*”
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 061.

Emenda 089. O Condado. Páxina 8, liña 14. Acrecentar, após “manifestación”, o seguinte texto:
“*a criminalización do movemento independentista galego*”.
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: “*a criminalización dos movementos soberanistas*”

Emenda 090. O Morrazo. Páxina 8, liña 40. Substituír “do nacionalismo galego” polo seguinte texto:
“*da esquerda soberanista galega*”.
REXEITADA.

Emenda 091. O Morrazo. Páxina 8, liña 46. Substituír “nacionalismo galego” polo seguinte texto:
“*nosso proxecto*”.
REXEITADA.

Emenda 092. Pontevedra. Páxina 9, liña 21. Acrecentar un novo punto co seguinte texto:
“** Prever lanzar unha campaña cuestionando a nosa continuidade a esta Unión Europea.*”
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 080.

Emenda 093. Emigración. Páxina 9, liñas 22 á 28: Cambiar a orde, trasladando os tres primeiros puntos á liña 12 da seguinte páxina.
ACEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 094. Ourense-O Carballiño, Emigración. Páxina 9, liña 24. Acrecentar, após “independentes” un novo punto, co seguinte texto:

“Nese sentido o BNG comprométese a que nos concellos que goberna e cogoberna se avance nas seguintes liñas de traballo

- Plan 2019: Os gobernos do BNG e aqueles nos que participe promoverán a remunicipalización e xestión pública dos servizos. Estes elaborarán un informe que estará listo en 2019 sobre a remunicipalización dos servizos públicos para que o pobo coñeza os custes, dificultades e beneficios da recuperación dos servizos para a xestión pública con datos reais.

- Os gobernos do BNG e aqueles nos que participa traballarán para incorporar en 2019 nos seus concellos a participación veciñal directa nas decisións orzamentarias en polo menos a metade das áreas de xestión institucional.

- Os gobernos do BNG e aqueles nos que participa elaborarán un plan de apoio nacional a través dos concellos a alternativas locais dando prioridade a iniciativas de economía social, promoción da lingua e a cultura galegas, como cooperativas enerxéticas ou de ensino en galego.

- Os gobernos do BNG e aqueles nos que participa elaborarán unha planificación e calendario de actuacións en relación á simboloxía nacional e ao aumento de conciencia nacional: promoción da bandeira nacional e das seleccións deportivas nacionais, retirando símbolos coloniais ou antidemocráticos (bandeiras de España e a UE, retirada de fotos do rei do Reino de España, retirada de nomes e símbolos franquistas) e eliminación de colaboración ou promoción de actividades relacionadas con seleccións deportivas que non sexan as galegas.”

REXEITADA.

Emenda 095. Celanova-Baixa Limia. Páxina 9, liña 32. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“Promover o establecemento dunha renda básica universal no país que contribúa ao cumprimento real dos dereitos á liberdade, á igualdade e a dignidade recollidos no primeiro artigo da Declaración Universal. A tal fin, constituirase un grupo de traballo nacional que elaborará un informe no que se perfile a posición política do BNG respecto da renda básica universal.”

REXEITADA.

Emenda 096. Ourense-O Carballiño. Páxina 9, liña 32. Substituír “dalgún tipo” polo seguinte texto:

“dunha”.

ACEITADA.

Emenda 097. Emigración. Páxina 9, liña 32. Acrecentar, após “País”, o seguinte texto:

“e do seu dereito a decidir o seu futuro”.

ACEITADA.

Emenda 098. Celanova-Baixa Limia. Páxina 9, liñas 35 a 38. Substituír o parágrafo polo seguinte texto:

“ Contribuír para a consolidación **espazo galego de comunicación**, ofrecendo apoio*

DITAME DE EMENDAS

práctico a iniciativas xornalísticas na nosa lingua que partan do compromiso co noso País. Tal apoio debe empezar a concretarse animando á militancia a consumir e difundir os medios de comunicación en galego e, desde os poderes institucionais eliminando calquera subvención directa ou indirecta aos distintos medios, así como calquera tipo de pago pola publicación de información institucional. E debe concretarse tamén nunha outra estratexia de comunicación establecendo como prioritaria a relación do BNG cos medios comprometidos coa lingua e co país.

O BNG ten preocupación pola viabilidade financeira das empresas xornalísticas que vaian a conformar ese espazo galego de comunicación, pero tamén por garantir a independencia das e dos xornalistas á hora de producir unha información veraz e relevante que fortaleza a democracia no país. Por iso, animará desde as súas responsabilidades institucionais a un novo modelo de relación entre as administracións públicas e os medios de comunicación sen subsidios, impulsando especialmente neste ámbito a creación de empresas de economía social e sen ánimo de lucro. De xeito que os medios sexan sostidos directamente pola cidadanía a través dunha mínima intervención dos poderes públicos a través de rebaixas no IVE ás empresas ou deducións fiscais aos cidadáns que participen destas empresas.”

REXEITADA.

Emenda 099. Ourense-O Carballiño. Páxina 9, liña 38. Acrecentar, após “País”, o seguinte texto:

“mais sen perder de vista o contexto macro que nos afecta: estado, Europa e resto do mundo; uns espazos de comunicación que aposten claramente pola calidade e diversidade informativa.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 100: *“e que aposten claramente na calidade e diversidade informativa. A colaboración con calquera medio de comunicación local ou nacional estará condicionado ao emprego da lingua galega”.*

Emenda 100. Ourense-O Carballiño, Ría de Muros e Noia, Emigración. Páxina 9, liña 38. Acrecentar un novo punto co seguinte texto:

“Os gobernos do BNG e aqueles nos que participa elaborarán un plan de apoio aos medios en galego para o seu funcionamento, existencia e nova creación. O investimento, publicidade ou colaboración con calquera medio de comunicación local ou nacional estará condicionado ao emprego da lingua galega. Para todo isto elaborárase un plan de actuacións calendarizadas en relación ao apoio institucional, subvencións en publicidade ou de calquera outro tipo aos medios de comunicación.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 099.

Emenda 101. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Ferrolterra, Emigración. Páxina 9, liña 40. Acrecentar, após “feminismo”, o seguinte texto:

“o LGTBI”

REXEITADA.

Emenda 102. A Coruña. Páxina 9, liña 40. Acrecentar, após “feminismo”, o seguinte texto:

“o movemento LGTBI”

ACEITADA.

Emenda 103. Ferrolterra. Páxina 9, liña 45. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

DITAME DE EMENDAS

“Imaxinar e pensar a Galiza que queremos no futuro. Crear un documento que recolla o ideario de propostas e obxectivos estratéxicos para a futura República Galega. Neste documento recolleranse obxectivos tanto económicos coma sociais, culturais ou de distribución territorial. Dito documento terá como función ser a guía para indicar os obxectivos de cara onde queremos chegar, así os camiños a facer para logralo e contrastalos coa realidade de cada momento. O obxectivo estratéxico debería de estar marcado non a máis de 25 anos.”

REXEITADA.

Emenda 104. Ourense-O Carballiño. Páxina 10, liña 3. Acrecentar, após “galego”, o seguinte texto:

“tendo en conta o ámbito da lusofonía”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 105: *“Reactivar o activismo lingüístico, apoiando activamente as iniciativas organizadas, desenvolvendo espazos e propostas concretas a favor do uso social do galego e aproveitando a dimensión internacional da nosa lingua.”*

Emenda 105. Emigración. Páxina 10, liña 4. Acrecentar un novo punto co seguinte texto:

“Impulsar a visibilización e difusión da estratexia reintegracionista para a nosa lingua como forma de aumentar os lazos cos países lusófonos e as súas organizacións e como vía de posta en valor da nosa lingua e da súa proxección internacional”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 104.

Emenda 106. Emigración. Páxina 10, liña 5. Acrecentar, após “económico”, o seguinte texto:

“e veciñal”.

ACEITADA.

Emenda 107. Valdeorras, A Barbanza. Páxina 10, liña 8. Acrecentar, após “economía ética”, o seguinte texto:

“antiespecismo”.

NOTA: A asemblea comarcal da Barbanza transaccionou co termo “Benestar Animal”.

ACEITADA (a procedente da Barbanza).

Emenda 108. Emigración. Páxina 10, liñas 10 e 11. Suprimir desde “Carta” (liña 10) até “Galega ou” (liña 11).

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Elaborar proxectos xurídico-políticos que permitan mellor visualizar a proposta da Galiza soberana (Carta de dereitos do pobo galego; Proxecto de Constitución do Estado Galego...)”*

Emenda 109. Emigración. Páxina 10, liña 12. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto: *“Explorar a posibilidade de constituir asembleas nos territorios galegofalantes da Galiza estremeira”.*

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 110: *“Impulsar a relación e a colaboración coas entidades e persoas que nos territorios historicamente galegos e galegofalantes que hoxe fican fóra do ámbito administrativo da CAG partillan os nosos postulados.”*

Emenda 110. Emigración. Páxina 10, liña 12. Acrecentar un novo punto co seguinte

DITAME DE EMENDAS

texto:

"Impulsarase un debate o máis amplo e inclusivo posíbel sobre a territorialidade do noso país, -contando coa implicación dos colectivos que traballan na Galiza estremeira en favor da nosa lingua e cultura- co fin de elaborar unha proposta do nacionalismo en relación aos límites da nación. Dita proposta permitiranos comezar a traballar politicamente coa poboación galega dos territorios que actualmente fican fóra da C.A.G., partindo sempre do respecto á vontade dos mesmos."

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 109.

Emenda 111. O Salnés. Páxina 10, liña 12. Substituír "ceemento" (gralla) por:

"crecemento"

ACEITADA.

Emenda 112. O Morrazo. Páxina 10, liña 13. Substituír "das organizacións soberanistas das tres nacións" polo seguinte texto:

"coas organizacións soberanistas de Euskadi e os Países Cataláns".

REXEITADA (ACÉITASE A 115).

Emenda 113. Valdeorras. Páxina 10, liña 13. Substituír "das tres nacións" polo seguinte texto:

"das nacións negadas polo Estado español"

REXEITADA (ACÉITASE A 115).

Emenda 114. Ría de Muros e Noia. Páxina 10, liñas 13 e 14. Substituír "soberanistas das tres nacións, ou Tríscele Nacionalista", polo seguinte texto:

"da esquerda soberanista das nacións negadas polo Estado español."

REXEITADA (ACÉITASE A 115).

Emenda 115. Emigración. Páxina 10, liñas 13 e 14. Substituír "soberanistas das tres nacións, ou Tríscele Nacionalista", polo seguinte texto:

"soberanistas das nacións negadas polo Estado español."

ACEITADA.

Emenda 116. Ferrolterra. Páxina 10, liña 21. Acrecentar, após "preparación práctica", o seguinte texto:

"para o conxunto da militancia e especialmente"

ACEITADA.

Emenda 117. O Morrazo. Páxina 10, liña 26. Substituír "nacionalistas" polo seguinte texto:

"da esquerda soberanista".

REXEITADA.

Emenda 118. Emigración. Páxina 10, liña 27. Acrecentar, ao final da frase, o seguinte texto:

"aproveitando para isto a nosa presenza organizada no exterior por medio das nosas estruturas na emigración."

REXEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 119. Celanova-Baixa Limia. Páxina 10, liñas 28 á 40. Substituír o parágrafo polo seguinte texto:

“ Diseñar un Plan de comunicación. Será redactado un plan específico que estableza criterios estéticos e de imaxe unificados e permanentes. Un plan que atenda a dupla vertente, externa e interna; e que permita actualizar o campo de referencias simbólicas do nacionalismo galego.”*

ACEITADA.

Emenda 120. Vigo. Páxina 10, liñas 28 á 30. Suprimir, desde “Será redactado” até “...de comunicación eficaz”.

REXEITADA.

Emenda 121. Ferrolterra. Páxina 10, liña 32. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Porase especial atención en respectar criterios de xénero, idade e pluralidade nas actividades comunicativas da organización a tódolos niveis.”

REXEITADA.

Emenda 122. O Morrazo. Páxina 10, liñas 33 e 34. Suprimir: “-partindo de que o marco discursivo principal do BNG é a Galiza-”

REXEITADA.

Emenda 123. Vigo. Páxina 10, liña 36. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Para isto, o BNG considerará empregar se fóra necesario, e fundamentalmente en campañas puntuais e/ou máis localizadas, un discurso sectorializado en función de criterios como a idade (poboación nova-avellentada), o lugar de residencia (zona rural-urbana), etc., co obxectivo de que a nosa mensaxe penetre máis eficazmente en todas as capas sociais do País, por ser este diverso, mais por suposto sen desconectar este discurso da necesidade do nacionalismo e de ter Galiza como centro e como solución de todos os problemas do País”.

REXEITADA.

Emenda 124. Valdeorras. Páxina 10, liña 40. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Avanzar nunha comunicación ambiciosa que asuma de xeito integral o valor da diversidade de xénero, corporal, afectivo-sexual, de procedencia, psíquico-sensorial, etc.”

REXEITADA (pola aceptación da 119).

Emenda 125. A Coruña. Páxina 10, liña 41. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“Desenvolver un Catálogo de Accións Culturais e Sociais ao servizo das localidades e comarcas como unha ferramenta para a organización de actos co obxectivo de ampliar a súa base social no seu territorio.”

REXEITADA.

Emenda 126. Ferrolterra. Páxina 10, liña 41. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

DITAME DE EMENDAS

“Apoiar e reforzar a loita na defensa do medio natural, dos nosos recursos e do territorio.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (coas 127 e 128): Acrecentar na paréntese da liña 8, após “economía ética”: *“ambientalismo e defensa do territorio, benestar animal...”*

Emenda 127. A Barbanza. Páxina 10, liña 41. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“ Desenvolver no eido da natureza, como parte intrínseca do noso Territorio, políticas tendentes a frear o cambio climático e pular pola conservación do medio ambiente, da súa xea, flora, fauna e paisaxe. Apostar pola concienciación ecolóxica, por unha sociedade sensibilizada polo respecto aos animais.”*

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 126 e 128.

Emenda 128. Valdeorras. Páxina 10, liña 41. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“ Desenvolver no eido da natureza, como parte intrínseca do noso Territorio, políticas tendentes a frear o cambio climático e pular pola conservación do medio ambiente, da súa xea, flora, fauna e paisaxe. Apostar pola concienciación ecolóxica, por unha sociedade sensibilizada polo respecto aos animais e pola abolición da caza e da pesca deportiva.”*

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 126 e 127.

Emenda 129. A Coruña. Páxina 11, liña 1. Susbstituír o título do apartado polo seguinte texto:

“1. O REFORTALAMENTO DO CAPITALISMO LOGO DA CRISE”.

REXEITADA.

Emenda 130. Emigración. Páxina 11, liña 14. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“Ao noso favor vemos que se multiplican os conflitos entre diferentes faccións da oligarquía mundial, -como exemplo a campaña dunha delas contra Trump- coa posibilidade de xerar no futuro baleiros de poder se o conflito sigue escalando.”

REXEITADA.

Emenda 131. Emigración. Páxina 11, liña 35. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“, o aproveitarse as institucións internacionais de crédito (BM e FMI) de situacións límite que en varias ocasións xeran elas mesmas ou os países aos que responden, ao obrigar a privatizar sexa como sexa os sectores públicos dos países que precisan acceder a eses créditos. Todo para beneficio das grandes empresas transnacionais.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (na liña 31): *“Pola contra, teñen un papel cada vez máis importante na toma de decisión dos gobernos, en beneficio das grandes empresas transnacionais e contra os sectores públicos que encamiñan á privatización”*

Emenda 132. Ourense-O Carballiño. Páxina 12, liña 11. Acrecentar o seguinte texto:

“Son moitos xa os postos desaparecidos pola causa da robotización. Debemos partir da máxima de que todo traballo que no futuro poida facer unha máquina acabarao facendo unha máquina. Naqueles casos nos que a máquina non pode realizar a tarefa por si soa é tamén, cada vez máis habitual, que recorra ao traballo gratuíto do propio usuario ou consumidor (autoservizos, caixeiros automáticos,...).”

DITAME DE EMENDAS

REXEITADA.

Emenda 133. Emigración. Páxina 12, liña 15. Acrecentar, ao final da frase, o seguinte texto:

“De feito, un Estado cada vez máis militarizado vén de dotarse de poderosos instrumentos de represión, dos cales o máis recente é a Lei Mordaza (2015), que criminaliza a protesta social, a través dunha batería de medidas que van da extorsión económica con multas e restricións ao uso colectivo do espazo público para a protesta e até a opacidade ante os métodos abusivos das forzas represoras. Porén vale a pena lembrar que esta lei o PP só responde á lóxica da “Guerra Eterna” instalada en todos os gobernos occidentais desde finais do século XX contra todos os grupos sociais que supuxesen unha ameaza para o status quo. Como é lóxico, este lexislar sobre todos os aspectos de utilización dos espazos públicos levouse a cabo non só desde o Estado, se non que cruzou todos os niveis, autonómico e local e sirvan de exemplo as ordenanzas municipais aprobadas nos últimos 10 ou 15 anos.

Non podemos afirmar, polo tanto, que houbera nunca calquera diferenza entre as políticas do PP e do PSOE, todas elas parte dun fita continuadora para impor a axenda neoliberal, creando alarma social co xa clásico axioma sobre a seguridade, e predispoñendo á poboación para aceptar de mellor agrado a supresión constante do Estado de Benestar. A excepcionalidade das medidas da guerra contra as drogas ampliouse máis recentemente ao tema do terrorismo e fíxose unha constante diaria en moitos aspectos da vida do pobo, como poden ser a liberdade de expresión e a crítica pública ao capitalismo.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (na páxina 15, liña 5): *“Un Estado dotado, cada vez máis, de poderosos instrumentos de represión , como a “lei mordaza”, que criminaliza a protesta social e as actuacións dos grupos sociais e políticos que supoñan unha ameaza para o estatus quo.”*

Emenda 134. Ferrolterra. Páxina 12, liña 25. Acrecentar un novo apartado co seguinte texto:

“Socialización da violencia.

Estamos inmersos nun proceso de banalización e socialización da violencia, de tal xeito que a convivencia diaria con imaxes e crónicas recibidas desde os mass media fainos máis inmunes conseguindo que situacións que noutro tempo serían inaceptábeis e xerarían un gran movemento na sociedade agora se poidan ver como algo lamentable pero endémico e cotiá. Pódese destacar tanto a aparición de movementos violentos de ideoloxía ultra e homófoba nos países europeos onde medra a extrema dereita, ou o uso sistemático da violencia polo crime organizado nos países rotos polo capitalismo ao redor do mundo.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“O poder opera por todos os medios para que a violencia coa que actúa para acadar os seus fins non teñan contestación e sexa asumida como normal; de tal xeito que a convivencia diaria con imaxes e crónicas recibidas desde os mass media faga á sociedade inmune diante da súa barbarie.”*

Emenda 135. Vigo, Ría de Muros e Noia, Emigración, A Coruña. Páxina 12, liñas 29 e

DITAME DE EMENDAS

30. Suprimir desde “Desprezo” até “...e lingüística”. (repetición de texto, gralla).
ACEITADA.

Emenda 136. Emigración. Páxina 12, liñas 34 á 37. Suprimir todo o parágrafo.
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 137, 138 e 139: *“Un dos síntomas da crise do sistema é a emerxencia de movementos e organización políticas de extrema dereita: desde Trump en Estados Unidos, á Fronte Nacional na Franza ou Amencer Dourado en Grecia, ou un partido neonazi (a poucos votos de se facer co goberno) en Austria. Populismo e fascismo.”*

Emenda 137. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Ferrolterra. Páxina 12, liña 34. Substituír “e” por “,” e acrecentar, após “xenófoba”, o seguinte texto:
“sexista e LGTBIfóbica”.
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 136, 138 e 139.

Emenda 138. Emigración. Páxina 12, liñas 35 á 37. Suprimir desde “de que é” (liña 35), até “Donald Trump” (liña 37).
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 136, 137 e 139.

Emenda 139. Ferrolterra. Páxina 12, liña 37. Acrecentar, após “Donald Trump”, o seguinte texto:
“, ou o auxe de partidos de ideoloxías fascistas incluso en países que estiveron baixo a opresión nazi.”
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 136, 137 e 138.

Emenda 140. A Coruña. Páxina 12, liña 44. Substituír “extensión do sentimento de exclusión”, polo seguinte texto:
“extensión da exclusión social”.
ACEITADA.

Emenda 141. O Morrazo. Páxina 13, liña 2. Substituír “o nacionalismo galego” polo seguinte texto:
“a esquerda soberanista galega”.
REXEITADA.

Emenda 142. O Salnés. Páxina 13, liña 21. Substituír “unión de estados” polo seguinte texto:
“unión intergubernamental de carácter económico”.
ACEITADA.

Emenda 143. Emigración. Páxina 13, liña 25. Acrecentar ao inicio da liña, o seguinte texto:
“O Acordo Económico e Comercial Global mais coñecido como CETA entre a UE e Canadá, o TTIP, (Maastricht...)”
PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: Acrecentar, após “Bolkestein” o seguinte texto: *“o CETA, o TTIP,”*

Emenda 144. Ourense-O Carballiño. Páxina 13, liña 26. Acrecentar, após “deslocalizacións”, o seguinte texto:
“e dumping sistémico das economías asiáticas”.

DITAME DE EMENDAS

REXEITADA.

Emenda 145. O Morrazo. Páxina 13, liña 29. Substituír “moitas nacións” polo seguinte texto:

“moitos pobos”.

ACEITADA.

Emenda 146. Pontevedra. Páxina 13, liña 32. Substituír “entre países e dentro de cada país” polo seguinte texto:

“entre Estados e dentro de cada Estado”

ACEITADA.

Emenda 147. O Salnés. Páxina 13, liña 34. Acrecentar, após “xuro”, o seguinte texto:

“con financiamento a través dos bancos centrais”

ACEITADA.

Emenda 148. Ría de Muros e Noia. Páxinas 13 e 14, liña 49 (da páxina 13) á 2 (da páxina 14). Suprimir o texto. (Por repetición, gralla).

ACEITADA.

Emenda 149. O Morrazo. Páxina 15, liña 19. Substituír “O nacionalismo catalán volve demostrar que só o nacionalismo”, polo seguinte texto:

“A vontade do pobo catalán por conquistar a soberanía volve demostrar que só o soberanismo”

ACEITADA.

Emenda 150. Ría de Muros e Noia. Páxina 15, liña 19. Substituír “O nacionalismo catalán volve demostrar que só o nacionalismo” polo seguinte texto:

“O independentismo catalán volve demostrar que só o soberanismo”.

REXEITADA (por aceptar a 149).

Emenda 151. O Morrazo. Páxina 15, liña 29. Substituír “á Galiza” polo seguinte texto:

“ao noso país”.

REXEITADA.

Emenda 152. O Morrazo. Páxina 15, liña 33. Substituír “de Galiza” polo seguinte texto:

“da nosa Terra”.

ACEITADA.

Emenda 153. Ourense-O Carballiño. Páxina 15, liña 39. Acrecentar, após “política”, o seguinte texto:

“e no seu funcionamento organizativo”.

ACEITADA.

Emenda 154. O Morrazo. Páxina 15, liña 44. Substituír “Galiza” polo seguinte texto:

“nosa Terra”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“nosa nación”.*

Emenda 155. Ferrolterra. Páxina 16, liña 12. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

DITAME DE EMENDAS

“Este movemento produce unha situación contraditoria, por un lado unha gran parte da sociedade, xeralmente moza; ten que hipotecar a súa vida para adquirir unha vivenda, ao tempo que gran parte de vivendas non urbanas, moitas delas de gran valor patrimonial, caen na ruína, dentro dun proceso de sen razón que xera unha gran presión especulativa sobre o territorio.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 156: *“Outras consecuencias deste modelo son a alta presión especulativa, dificultades notábeis de acceso á vivenda para a xente nova, desertización e despoboamento do rural, e o abandono de parte das vivendas non urbanas”*

Emenda 156. Baixo Miño. Páxina 16, liña 23. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Dentro desta planificación o nacionalismo debe formular como estratéxica a loita contra o despoboamento e desertización do medio rural. Somos a día de hoxe un país dependente tamén no eido alimentar a pesar de posuír inxentes cantidades de terra produtiva abandonada, vivendas e infraestruturas mínimas que permitirían con políticas acaidas, recuperar e revitalizar un medio que está a punto de desaparecer. O nacionalismo, temos a obriga de elaborar alternativas atrevidas e ilusionantes para fixar poboación no medio rural, dándolle unha oportunidade a moit@s galeg@s e acollendo a persoas doutras nacionalidades. Instrumentos coma o banco de terras e o cooperativismo ou a diversificación da produción poden ser puntos de partida. Ademais dunha planificación económica axeitada requeriríase tamén dunha planificación cultural e social específica que teña como obxectivo poñer en valor o medio rural e a cultura propia do país.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 155.

Emenda 157. A Montaña. Páxina 16, liña 32. Acrecentar un parágrafo co seguinte texto:

“Malia esta precaria situación, na Galiza tense demostrado que existe un potente corpus social que está disposto a defender a nosa lingua e a nosa cultura. As grandes mobilizacións en defensa do galego, implicando a moi diversos sectores sociais, son proba disto. Desde o BNG debemos prestar atención a este corpus e á situación de diglosia que vive o pobo galego, a cal non é allea para a nosa militancia e simpatizantes. É por isto que debemos traballar para atraer cara nós persoas que, sendo castelanfalantes amósanse sensíbeis ante a situación lingüística que vivimos na Galiza, demostrándolles que hai tamén espazo para elas no BNG e actuando pedagoxicamente para favorecer a súa asunción do galego como lingua de uso en todos os ámbitos da vida.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (pasaría á páxina 17, liña 10): *“Teremos en conta a existencia dun corpo social capaz de mobilizarse para defender a lingua e cultura, como demostran as grandes mobilizacións en defensa do galego”.*

Emenda 158. Ferrolterra. Páxina 16, liña 40. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Entendendo o galego como parte indisolúbel da nosa cultura, da nosa historia e do noso futuro como pobo, apoiaremos iniciativas e fórmulas alternativas que amplíen a presenza da nosa lingua na educación e favorezan a súa adquisición e conservación, como as escolas populares que promoven a inmersión lingüística nos tramos de ensino non obrigatorio.”

ACEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 159. A Coruña. Páxina 16, liña 40. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

"Simultaneamente, apoiaremos iniciativas e fórmulas alternativas que amplíen a presenza da nosa lingua na educación e favorezan a súa adquisición e conservación, como as escolas populares que promoven a inmersión lingüística nos tramos de ensino non obrigatorio."

REXEITADA (por se aceptar a 158).

Emenda 160. A Coruña. Páxina 16, liñas 43 á 45. Suprimir a frase que vai desde "Os recortes" (liña 43) até "súas consecuencias" (liña 45).

ACEITADA.

Emenda 161. O Morrazo. Páxina 17, liña 7. Substituír "o nacionalismo" polo seguinte texto:

"a esquerda soberanista".

REXEITADA.

Emenda 162. Emigración. Páxina 17, liña 23. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

"Co espírito de dar pasos concretos na asunción da estratexia reintegracionista que o nacionalismo asume como propia, o BNG acepta o uso da norma ortográfica reintegrada da nosa lingua en comunicacións internas, e en comunicacións públicas cando a organización o considere axeitado".

REXEITADA (reconversión en proposta de resolución da asemblea nacional).

Emenda 163. O Morrazo. Páxina 17, liñas 24 e 25. Substituír "partimos de que son correctas as liñas de traballo en andamento, sen prexuízo da necesidade de actualizar medio e propostas" polo seguinte texto:

"facemos autocrítica para recoñecer que algo non estamos a facer ben, á vista da situación na que se atopa a nosa lingua, polo que temos a necesidade de actualizar medio e propostas, cun discurso actualizado, pedagóxico, positivo, atractivo e adaptado á realidade sococultural actual do noso pobo".

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *"partimos de que no básico son correctas as liñas de traballo, sen prexuízo da necesidade de revisar, actualizar e mellorar medios e propostas"*

Emenda 164. Emigración. Páxina 17, liña 26. Suprimir: "modelo de".

ACEITADA.

Emenda 165. Emigración. Páxina 17, liña 27. Acrecentar, após "ensino", o seguinte texto:

"e unha programación cultural".

REXEITADA.

Emenda 166. A Coruña. Páxina 17, liña 29. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

"O BNG comprométese a impulsar e encher de contido a Lei de Aproveitamento do Idioma Portugués, aprobada a partires da ILP Paz Andrade mais non desenvolvida polo goberno do PP, introducindo o portugués nos centros de ensino da Galiza ao entender que sería un elemento de dignificación, exemplo de grande utilidade e rendimento do noso idioma."

DITAME DE EMENDAS

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *"O BNG comprométese a impulsar e encher de contido a Lei de Aproveitamento do Idioma Portugués, aprobada a partires da ILP Paz Andrade mais non desenvolvida polo goberno do PP, introducindo o portugués nos centros de ensino da Galiza."*

Emenda 167. O Morrazo. Páxina 17, liña 34. Acrecentar, após "Galiza", o seguinte texto: *"e das súas xentes"*.
REXEITADA.

Emenda 168. Emigración. Páxina 17, liña 38. Acrecentar o seguinte texto: *"non aceptación do GP Parlamentario ao BNG por parte do Partido Popular en convivencia co PSOE, a pesares de contarmos co apoio a todos os niveis das forzas nacionalistas: PNV e CiU...."*.
REXEITADA.

Emenda 169. O Morrazo. Páxina 17, liña 39. Substituír "Galiza" polo seguinte texto: *"a nosa Terra"*.
REXEITADA.

Emenda 170. O Morrazo. Páxina 17, liña 41. Substituír "a Galiza nunha nación dobremente periférica" polo seguinte texto: *"ao noso País nun pobo dobremente periférico"*.
REXEITADA.

Emenda 171. O Morrazo. Páxina 18, liña 6. Substituír "na Galiza" polo seguinte texto: *"na nosa Terra"*.
REXEITADA.

Emenda 172. O Morrazo. Páxina 18, liña 9. Acrecentar, após "nacionalista", o seguinte texto: *"e soberanista"*.
REXEITADA.

Emenda 173. O Morrazo. Páxina 18, liña 14. Substituír "e de xustiza social que o nacionalismo", polo seguinte texto: *"que o soberanismo"*.
REXEITADA.

Emenda 174. Emigración. Páxina 18, liñas 32 e 33. Suprimir os "-" anteriores e posteriores en formato numérico.
REXEITADA.

Emenda 175. O Morrazo. Páxina 18, liña 37. Suprimir "de Galiza".
ACEITADA.

Emenda 176. O Morrazo. Páxina 18, liña 41. Substituír "Galiza" polo seguinte texto: *"nosa Terra"*.
REXEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 177. Ferrolterra. Páxina 18, liña 44. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“É importante entender que o futuro do noso país só será próspero cun desenvolvemento sostíbel dos nosos sectores primarios e que o despoboamento, o empobrecemento e emigración actual da nosa sociedade é debido en gran parte ás políticas erradas neste ámbito. Non ten lóxica, por exemplo, ser un país que importe máis alimentos de primeira necesidade dos que exporta (no estado español só estamos por detrás de Catalunya) cando temos a capacidade de producir case o que queiramos. Ademais, por coerenza, temos que defender un discurso onde non só se fale en termos económicos da pesca e do agro xa que no noso pobo estes sectores significan tamén un modo de vida e de entender a nosa contorna que terá futuro sempre que se apliquen as políticas axeitadas e poñamos en valor a nosa terra.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (na liña 43): *"A prosperidade do país depende tamén dun desenvolvemento sostíbel dos sectores primarios, cuxa destrución planificada afecta tamén á demografía, á cultura e ao territorio".*

Emenda 178. O Morrazo. Páxina 18, liña 49. Substituír “na Galiza” polo seguinte texto: *“no noso País”*.

ACEITADA.

Emenda 179. Emigración. Páxina 19, liñas 4 á 11. Substituír todo o parágrafo polo seguinte texto:

“Galiza ten que aumentar significativamente o peso da súa investigación e innovación (I+D+i). Temos un país que está a sufrir a redución do seu tecido produtivo. Os gobernos do PP descenderon drasticamente o investimento en I+D+i, o que supón en Galiza só un escasísimo 0,89% do PIB (ano 2014). Do mesmo xeito, o gasto en I+D+i per capita baixou dos 211,7 euros no 2008 a 174,2 no 2014. Galiza precisa dun maior investimento en I+D+i para mellorar a competitividade do seu tecido produtivo e para manter no país o talento investigador vítima da emigración, tanto nas empresas coma nas universidades, acompañado de políticas científicas de ambiciosa dotación orzamentaria”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (a partir da liña 11): *"As políticas científicas carecen da dotación orzamentaria necesaria e a investigación é vítima da emigración"*

Emenda 180. O Morrazo. Páxina 19, liña 4. Substituír “Galiza” polo seguinte texto: *“O noso país”*.

REXEITADA.

Emenda 181. Emigración. Páxina 19, liñas 16 e 17. Suprimir desde “no actual” (liña 16), até “uso térmico” (liña 17).

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN (suprimir na liña 17 “pola biomasa no uso térmico”).

Emenda 182. Emigración. Páxina 19, liña 17. Acrecentar, após “térmico”, o seguinte texto:

"e aproveitamento da produción intermitente da enerxía eólica mediante métodos da almacenamento sustentábeis como as centrais hidroeléctricas reversíbeis."

REXEITADA,

DITAME DE EMENDAS

Emenda 183. O Morrazo. Páxina 19, liña 21. Substituír “Galiza” polo seguinte texto:
“nosa Terra”.
REXEITADA.

Emenda 184. Ferrolterra. Páxina 19, liña 25. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:
“Para o BNG é fundamental a defensa do marisqueo e da pesca, especialmente a artesanal, como criadores de riqueza e fixación de poboación, ademais de ser un modo sustentábel de explotación dos recursos do mar.”
ACEITADA.

Emenda 185. O Morrazo. Páxina 19, liña 49. Substituír “Galiza” polo seguinte texto:
“no noso País”.
ACEITADA.

Emenda 186. Emigración. Páxina 20, liña 26. Acrecentar no título do apartado, após “das mulleres”, o seguinte texto:
“e do colectivo LGTBI”.
REXEITADA (ao se aceitar a 189)

Emenda 187. Emigración. Páxina 20, liña 31. Suprimir “de media”.
REXEITADA.

Emenda 188. Emigración. Páxinas 20 e 21. Da liña 45 (páx. 20) á liña 2 (páx. 21). Substituír polo seguinte texto:
“Desaparición do movemento LGTBI organizado e pervivencia da lgtbifobia.

A aprobación do matrimonio igualitario no Estado Español (2005) supuxo, para o colectivo LGTBI da Galiza, un esfarelamento dos fundamentos activistas, esvaéndose absolutamente o movemento LGTBI organizado anterior (Transmaribibolheras precárias, Coordinadora Aturujo, etc). Tal abandono político impediu xerar una reacción maciza ao agravamento da lgtbifobia que veu da man de sucesivos gobernos do PP, tanto a nivel estatal como nacional. Deste xeito, rexistramos nos últimos anos unha permanencia ou mesmo un agudizamento das agresións lgtbifóbicas, así como das violencias estruturais se callar menos visíbeis: a falta de programas públicos contra a discriminación, contra o acoso escolar, de educación afectivo-sexual, de prevención de ITS; o desmantelamento dos centros Quérote; a ausencia dun amparo legal efectivo para as persoas lésbicas, gais, bisexuais, trans e intersex; as dificultades do colectivo trans para acceder aos medios para a súa transición, a emigración a grandes urbes do Estado promocionadas como oásis de tolerancia LGTBI (Madrid, Barcelona) ou mesmo os elevados índices de suicidio presentes no colectivo son apenas algunhas das manifestacións mais evidentes.

Ao mesmo tempo, as tímidas retaliacións ou intentos organizativos que houberon foron capturados por sectores reformistas, sen potencial crítico e de feito recentralizadores, perdendo o seu conidol antipatriarcal e anticapitalista, servindo apenas como ferramenta de marketing deste ou destoutro goberno, por medio de paradas anuais ou para engordar o capital, que encontra no capitalismo rosa un novo sector de consumo e no pinkwashing a mellor estratexia de mercadotecnia asimilacionista.

A renuncia practicamente completa do nacionalismo galego a articular unha resposta organizada contra estas tendencias que exprese as verdadeiras necesidades das persoas

DITAME DE EMENDAS

lésbicas, gais, bisexuais, trans e intersex é, aliás, abraiante. Perante tal vacío, o nacionalismo galego non construíu ningunha alternativa real ao modelo reformista e españolista. Se acaso, foi apenas quen de manter o silencio e trocar o LGTBI nun “tema” anecdótico, mesmo subsidiario dun modelo de política e militancia esencialmente masculinista, cisexista e heterocentrado.”

REXEITADA (ao se aceitar a 189)

Emenda 189. Ourense-O Carballiño, Valdeorras. Páxinas 20 e 21. Da liña 45 (páx. 20) á liña 2 (páx. 21). Substituír polo seguinte texto:

“Diversidade afectivo-sexual e LGTBIfobia

Estudos recentes amosan cifras realmente preocupantes no tocante ao acoso escolar LGTBIfóbico. Dende primaria até as universidades estase a experimentar un repunte nos casos de invisibilidade e marxinação, chegando moitas veces ao suicidio. Violencias aínda pouco abordadas dende o ámbito institucional que requiren de liñas de actuación dotadas con orzamento público. Neste sentido a infancia, a mocidade, as persoas en desemprego e as persoas maiores vivencian situacións de vulnerabilidade que tenden a agravarse se a persoa LGTBI vive en pequenos núcleos con servizos públicos desmantelados e/ou de difícil acceso (véxase a situación precaria dos Centros Quérote).

Segundo os datos reflectidos no informe extraordinario do Valedor do Pobo (2015) titulado “A situación das persoas LGTBI na Galiza: unha análise dende o punto de vista do tecido asociativo” constátase un repunte nas agresións e delitos de odio contra as persoas LGTBI, así como a existencia dun panorama desolador no tocante aos servizos de información e atención para a comunidade LGTBI (saúde sexual e reprodutiva, campañas de sensibilización, acompañamento e tratamento, protocolos, formación do persoal especializado, etc.)”

ACEITADA.

Emenda 190. O Morrazo. Páxina 21, liña 16. Substituír “na Galiza” polo seguinte texto:
“no noso País”.

REXEITADA.

Emenda 191. O Morrazo. Páxina 21, liña 29. Substituír “nación” polo seguinte texto:
“Terra”.

REXEITADA.

Emenda 192. O Salnés. Páxina 22, liña 13. Acrecentar, após “austeridade”, o seguinte texto:

“para as maiorías sociais”.

ACEITADA.

Emenda 193. O Morrazo. Páxina 22, liña 17. Substituír “da Galiza” polo seguinte texto:
“do noso País”.

REXEITADA.

Emenda 194. O Morrazo. Páxina 22, liña 37. Substituír “dos concellos da nosa nación” polo seguinte texto:

“dos nosos concellos”.

REXEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 195. Costa da Morte. Páxina 22, liña 41. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“Concerto Económico fiscal ademais ten que garantir unha "autonomía", (xa que a soberanía se nos nega), normativa en materia fiscal para procurar unha recadación mais xusta e social que faga recaer os impostos sobre as actividades mais especulativas ou extractivas fronte ao modelo actual que prima a especulación financeira e castiga a creación de riqueza local e autocentrada.

Para iso o BNG plantexaría unha reforma fiscal que reduciра o IVE dos produtos e servizos de primeira necesidade incluíndo a cultura e contivera os impostos indirectos, (IBI, IVTM, etc...), e puidera crear novos impostos propios da Galiza, como:

Un imposto sobre as rendas altas compensatorio dos topos máximos de cotización a Seguridade Social..., (a súa recadación podería compensar o déficit galego das pensións)...

Un imposto sobre a comunicación interna de datos contables..., iso con ese nome tan confuso é algo ben sinxelo, se trata de cobrar as empresas con produción na Galiza e domicilio fiscal fora, un imposto sobre os beneficios obtidos na Galiza do 25%, equivalente ao imposto de sociedades que pagarían onde teñen a súa sede, (polo xeral Madrid ou Barcelona), por eses beneficios..., (se queren aforrarse iso, que trasladen a súa sede a Galiza)...

Un imposto as empresas sobre a baixa creación de emprego, de xeito que castigue a subcontratación e a externalización, (non a mellora de produtividade), co fin de combater o paro e tender a nivelación salarial...

Un imposto "medioambiental" ao transporte da electricidade en alta tensión a longa distancia, co efecto de cobrar sobre a exportación do excedente eléctrico.”

REXEITADA.

Emenda 196. O Morrazo. Páxina 22, liña 43. Substituír “Galiza” polo seguinte texto:
“nosa Terra”.

REXEITADA.

Emenda 197. Pontevedra. Páxina 23, liña 1. Eliminar, após “pobreza”:

“enerxética”

ACEITADA.

Emenda 198. Costa da Morte. Páxina 23, liña 5. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“Como medida transitoria cara a unha tarifa eléctrica galega, un imposto "medioambiental" ao transporte da electricidade en alta tensión a longa distancia, tería o efecto de reverter a Galiza parte da plusvalía espoliada pola exportación do excedente eléctrico.”

REXEITADA.

Emenda 199. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Ferrolterra. Páxina 23, liña 6. Acrecentar un novo apartado, co seguinte texto:

“A situación da mocidade, a precariedade e a emigración. Galiza ten máis de 100.000 persoas de entre 16 e 35 anos menos a día de hoxe que cando comezou a crise a causa do desemprego, a precariedade e a falta de expectativas. O desemprego e a

DITAME DE EMENDAS

desocupación atinxe a máis do 50% da mocidade (43.600 (o 13,4%) paradas e 160.800 (o 49,4%) inactivas). Precariedade como folla de ruta cara un empobrecemento xeneralizado servindo como maquillaxe dunhas cifras de desemprego escandalosas con miles de contratos lixo ao ano (contrato temporal, en prácticas ou formación e aprendizaxe). Todo isto causa unha falta de expectativas que leva a miles de persoas a deixar a nosa Terra, algo que o goberno galego cualifica só de problema demográfico.

Por isto a mocidade pasou de representar o 35% da poboación activa en 2009 (112.500 entre 16 e 24 anos e 359.000 entre 25 e 34 anos), a un 25% na finais de 2016 (62.100 entre 16 e 24 anos e 256.300 entre 25 e 34 anos). Tamén baixou a mocidade ocupada, pasando de representar un 33.4% do total en 2009 (77.700 entre 16 e 24 anos e 308.800 entre 25 e 34 anos), a un 23.09% do total a finais de 2016 (37.100 entre 16 e 24 anos e 203.200 entre 25 e 34 anos).

Os salarios son miserentos, segundo os últimos datos de 2015 o salario medio bruto anual da mocidade traballadora entre 16 e 18 é de 3.500€, 6.030€ na mocidade de entre 18 e 25 anos e 13.700 entre 26 e 35 anos. O número de contratos en 2016 chegou aos 944.000, dos cales 897.000 eran temporais e 350.000 eran a tempo parcial. De feito o 35% eran de menos dunha semana de duración.

Debemos comezar por nos dirixir e comprender as problemáticas da mocidade. A maior parte da mocidade concéntrase en áreas urbanas e, da poboación moza ocupada, a maior parte concéntrase no sector servizos que, dentro do mesmo, é maioritaria na restauración e vendas. Este sector destácase pola súa precariedade e polos seus baixos salarios. A outra parte directamente non atopa un emprego”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *"A mocidade padece con especial intensidade o desemprego, a precariedade e a consecuente emigración. É patente a a perda de peso da mocidade entre a poboación activa nos últimos anos, así como o descenso da mocidade ocupada, que representa unha menos dunha cuarta parte do total da poboación a final do 2016 e ten que enfrontarse a uns salarios miserentos. Os contratos multiplícanse -case un millón o ano- coa xeralización das modalidades temporais e a tempo parcial.*

Debemos atender ás problemáticas específicas da mocidade galega, concentrada maioritariamente en áreas urbanas e concentrada especialmente no sector servizos, nomeadamente nos ámbitos de restauración e vendas, máis marcados pola precariedade e baixos salarios, sen esquecer a mocidade desocupada e as necesidades da que vive ou traballa no rural”.

Emenda 200. Ría de Muros e Noia. Páxina 23, liña 6. Acrecentar un novo apartado, co seguinte texto:

“A situación da mocidade, a precariedade e a emigración. *Galiza ten máis de 100.000 persoas de entre 16 e 35 anos menos a día de hoxe que cando comezou a crise a causa do desemprego, a precariedade e a falta de expectativas. O desemprego e a desocupación atinxe a máis do 50% da mocidade (43.600 (o 13,4%) paradas e 160.800 (o 49,4%) inactivas). Precariedade como folla de ruta cara un empobrecemento xeneralizado servindo como maquillaxe dunhas cifras de desemprego escandalosas con miles de contratos lixo ao ano (contrato temporal, en prácticas ou formación e aprendizaxe). Todo isto causa unha falta de expectativas que leva a miles de persoas a deixar a nosa Terra, algo que o goberno galego cualifica só de problema demográfico.*

Por isto a mocidade pasou de representar o 35% da poboación activa en 2009 (112.500

DITAME DE EMENDAS

entre 16 e 24 anos e 359.000 entre 25 e 34 anos), a un 25% na finais de 2016 (62.100 entre 16 e 24 anos e 256.300 entre 25 e 34 anos). Tamén baixou a mocidade ocupada, pasando de representar un 33.4% do total en 2009 (77.700 entre 16 e 24 anos e 308.800 entre 25 e 34 anos), a un 23.09% do total a finais de 2016 (37.100 entre 16 e 24 anos e 203.200 entre 25 e 34 anos).

Os salarios son miserentos, segundo os últimos datos de 2015 o salario medio bruto anual da mocidade traballadora entre 16 e 18 é de 3.500€, 6.030€ na mocidade de entre 18 e 25 anos e 13.700 entre 26 e 35 anos. O número de contratos en 2016 chegou aos 944.000, dos cales 897.000 eran temporais e 350.000 eran a tempo parcial. De feito o 35% eran de menos dunha semana de duración.

Debemos comezar por nos dirixir e comprender as problemáticas da mocidade. A maior parte da mocidade concéntrase en áreas urbanas e, da poboación moza ocupada, a maior parte concéntrase no sector servizos que, dentro do mesmo, é maioritaria na restauración e vendas. Este sector destácase pola súa precariedade e polos seus baixos salarios. A outra parte directamente non atopa un emprego.

O BNG debe pois realizar un traballo específico na mocidade tendo en conta estas variábeis e dirixíndonos especificamente a ela, interpelándoa e promocionando referentes políticos que se recoñezan nestas problemáticas.”

REXEITADA (por se transaccionar a 199).

Emenda 201. O Morrazo. Páxina 23, liña 9. Substituír “a Galiza” polo seguinte texto:
“o noso País”.

REXEITADA.

Emenda 202. O Morrazo. Páxina 23, liña 22. Substituír “Galiza” polo seguinte texto:
“nosa Terra”.

REXEITADA.

Emenda 203. O Morrazo. Páxina 23, liña 26. Substituír “a Galiza” polo seguinte texto:
“o noso pobo”.

REXEITADA.

Emenda 204. O Morrazo. Páxina 23, liña 28. Substituír “a Galiza” polo seguinte texto:
“o País”.

REXEITADA.

Emenda 205. Ourense-O Carballiño. Páxina 23, liñas 29 á 32. Substituír desde “É fundamental” até o final do parágrafo, polo seguinte texto:

“É fundamental loitar contra o etnocidio e o ecocidio que se alían de xeito dramático para tentar liquidar o noso patrimonio material e inmaterial. Defender o noso medio natural e cultural é vital para afondar na descolonización simbólica que agudiza o autoodio ou a desgaleguización. Así mesmo, é preciso apostar pola dignificación e revitalización do noso rural, a defensa activa dos montes en man común e a figura da comuneira; esí como potenciar todas aquelas prácticas comunitarias que coiden da lingua, dos sectores produtivos e da nosa memoria viva; facendo especial fincapé no acervo das mulleres maiores.”

REXEITADA.

Emenda 206. O Morrazo. Páxina 23, liña 47. Substituír “do nacionalismo” polo seguinte

DITAME DE EMENDAS

texto:

“da nosa alternativa”.

ACEITADA.

Emenda 207. O Morrazo. Páxina 24, liña 9. Substituír “ideario nacionalista” polo seguinte texto:

“noso ideario”.

REXEITADA.

Emenda 208. O Morrazo. Páxina 24, liña 19. Substituír “proxecto nacionalista” polo seguinte texto:

“noso proxecto”.

REXEITADA.

Emenda 209. O Morrazo. Páxina 24, liña 41. Acrecentar, após “nacional”, o seguinte texto:

“e social”.

REXEITADA.

Emenda 210. O Morrazo. Páxina 24, liña 42. Substituír “nacionalista” polo seguinte texto:

“da esquerda soberanista”.

REXEITADA.

Emenda 211. O Morrazo. Páxina 25, liña 11. Substituír “Nunha nación anulada” polo seguinte texto:

“Nun País anulado”.

REXEITADA.

Emenda 212. O Morrazo. Páxina 25, liña 14. Acrecentar, após “nacionalismo”, o seguinte texto:

“da esquerda,”

Emenda 213. Emigración. Páxina 25, liña 14. Acrecentar, após “feminismo”, o seguinte texto:

“da esquerda,”

REXEITADA.

Emenda 214. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Emigración. Páxina 25, liña 14. Acrecentar, após “feminismo”, o seguinte texto:

“do movemento LGTBI”.

ACEITADA.

Emenda 215. O Morrazo. Páxina 25, liña 17. Substituír “proxecto nacionalista” polo seguinte texto:

“noso proxecto”.

REXEITADA.

Emenda 216. O Morrazo. Páxina 25, liña 27. Substituír “do proxecto nacionalista” polo seguinte texto:

“dun proxecto como o noso”.

DITAME DE EMENDAS

REXEITADA.

Emenda 217. Allariz-A Limia. Páxina 25, liña 35. Suprimir: “-froito doutra época-”.
REXEITADA.

Emenda 218. Emigración. Páxina 25, liña 36. Acrecentar, após “débeda”, o seguinte texto:

“co fin de ser financeiramente autónomos.”

REXEITADA.

Emenda 219. A Montaña. Páxina 25, liñas 46 á 50. Substituír todo o apartado 1.12., polo seguinte texto:

“1.12. O BNG entende as institucións públicas como unha ferramenta para o avance do movemento político-social do nacionalismo galego e non como un mero instrumento de xestión do sistema e o marco político actual, de maneira que non nos serve gobernar estas institucións a calquera prezo. É por isto que o BNG revisará os acordos de goberno con outras forzas políticas, especialmente con aquelas que se teñen manifestado como absolutamente desleais aos compromisos adquiridos nestes acordos, e estudará a conveniencia e utilidade dos mesmos para o noso País, sendo conscientes das situacións provocadas nestes co-gobernos que teñen xerado desafección na nosa militancia e na nosa base social. Así mesmo, o BNG fará sempre partícipes das decisións e estratexias de traballo nas institucións ao conxunto da militancia, simpatizantes e movementos sociais.”

REXEITADA.

Emenda 220. O Morrazo. Páxina 26, liña 15. Substituír “a Galiza” polo seguinte texto:

“ao pobo galego”.

ACEITADA.

Emenda 221. O Morrazo. Páxina 26, liñas 20 e 21. Substituír desde “A prioridade” (liña 20) até o punto e seguido (liña 21) polo seguinte texto:

“A prioridade será centrar os esforzos militantes na intervención social sen esquecer as estruturas orgánicas internas.”

ACEITADA.

Emenda 222. A Estrada-Deza. Páxina 26, liña 47. Acrecentar, após “assembleas locais”, o seguinte texto:

“e comarcais”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“e comarcais, agás incompatibilidades estatutarias”.*

Emenda 223. Emigración. Páxina 27, liña 18. Acrecentar o seguinte texto:

“Nesta defensa da unidade e cohesión internas debemos ter en conta que, aínda que o BNG recoñece o dereito á discrepancia pública da liña oficial, isto non debe obstaculizar a súa unidade de acción. Neste sentido, debemos ser conscientes de que os espazos públicos en que participamos constitúen os nosos campos de actuación, que debemos aproveitar para espallar, dentro da súa diversidade, o ideario e a acción do BNG.

Unha mención especial merecen, pola súa novidade, as redes sociais. Do mesmo xeito que estas poden ter un importante papel de difusión, tamén poden ter o efecto negativo

DITAME DE EMENDAS

de espallar e ser altofalante de pequenos conflitos e mesmo debates estériles que, magnificados polas redes sociais e polos intereses do sistema, en nada benefician á nosa Organización. Debemos comprender o peso que ten cada espazo de actuación, e tentar sacar o maior proveito de todos eles en beneficio dos intereses do país, sabendo cando intervir e cando non, e sabendo tamén como facelo, de forma a contribuír á unidade e cohesión do BNG.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“2.4.2. Mención especial merecen, pola súa novidade, as redes sociais. Alén do seu papel positivo de difusión, poden tamén provocar efectos prexudiciais e de distorsión das posicións e discurso do BNG. Cómpre responsabilidade á hora de intervir nelas, sabendo como e cando, co fin de prever o seu impacto.”*

Emenda 224. Costa da Morte. Páxina 27, liña 26. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“En todo caso para a definición das comarcas terase tamén en conta criterios de oportunidade política, no senso de no posible facelas coincidir con ámbitos electorais e de xestión política, como partidos xudiciais a efectos de escolla de deputados provinciais en tanto subsistan as deputacións ou “áreas metropolitanas” ou “mancomunidades” ou outras zonas de aplicación de determinados programas de investimento, (GDR’s, grupos locais, etc).”

REXEITADA.

Emenda 225. Emigración. Páxina 27, liña 28. Substituír “comarcal e local” polo seguinte texto:

“comarcal, local e da emigración”.

ACEITADA.

Emenda 226. Emigración. Páxina 27, liña 48. Substituír “Estrutura na emigración” polo seguinte texto:

“Asemblea da emigración”.

ACEITADA.

Emenda 227. Emigración. Páxina 28, liña 5. Substituír “estrutura” polo seguinte texto:

“assemblea”.

ACEITADA.

Emenda 228. Valdeorras. Páxina 28, liña 14. Substituír “Garantirase a presenza de activistas” polo seguinte texto:

“Garantirase unha presenza importante de activistas”.

ACEITADA.

Emenda 229. O Morrazo. Páxina 28, liña 24. Suprimir: “sen causa xustificada”.

ACEITADA.

Emenda 230. Ourense-O Carballiño. Páxina 28, liña 27. Acrecentar un novo punto co seguinte texto:

“2.7.5. Establecerase onde for posíbel para a responsabilidade comarcal un sistema de co-responsabilidade co fin de multiplicar os referentes da organización e camiñar cara unha representación plural e ampla. Procurarse que esa coportavocía sexa ocupada con criterios de xénero (50%-50%) e idade (cunha persoa menor de 30 anos) alí onde sexa

DITAME DE EMENDAS

posíbel.”

REXEITADA.

Emenda 231. Valdeorras. Páxina 28, liña 30. Acrecentar, após “desprazamentos”, o seguinte texto:

“Farase fincapé na creación e posta a punto de grupos de traballo estratéxicos aínda non creados (LGTBI, por exemplo). Asemade, a visualización dos diversos grupos de traballo nacionais terá unha sinxela visualización e interlocución na web nacional do BNG”.

REXEITADA (ao se aceitar a 232)

Emenda 232. Ourense-O Carballiño. Páxina 28, liña 30. Acrecentar, após “desprazamentos”, o seguinte texto:

“Asemade, a visualización dos diversos grupos de traballo nacionais, creados ou por crear, terá unha sinxela visualización e interlocución na web nacional do BNG.”

ACEITADA.

Emenda 233. A Montaña. Páxina 28, liña 39. Acrecentar un novo apartado co seguinte texto:

“2.8.4. Impulsar a creación dunha Comisión LGTBI independente que será un espazo de debate e coordinación nesta materia para o colectivo LGTBI do BNG.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 234: *“2.8.4. Crear a Comisión LGBTI do BNG, que será un espazo de debate e coordinación nesta materia.”*

Emenda 234. Compostela. Páxina 28, liña 39. Acrecentar un novo apartado co seguinte texto:

“2.8.4. Crear a Comisión LGTBI do BNG, independente da Comisión Feminista, que será un espazo de debate e coordinación nesta materia para o colectivo LGTBI do BNG.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 233.

Emenda 235. O Morrazo. Páxina 28, liña 43. Substituír “base social nacionalista” polo seguinte texto:

“a nosa base social”.

REXEITADA.

Emenda 236. Valdeorras. Páxina 28, liña 43. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Farase especial fincapé na formación relativa aos feminismos”.

REXEITADA.

Emenda 237. O Morrazo. Páxina 29, liña 9. Substituír “nacionalismo” polo seguinte texto:

“a esquerda soberanista”.

REXEITADA.

Emenda 238. Valdeorras. Páxina 29, liñas 21 á 25. Substituír os apartados 2.10.2. e 2.10.3. polo seguinte texto:

“2.10.2. O BNG recoñece a existencia dunha problemática de carácter político desde hai anos no seo da mocidade da Fronte, que levou a unha parte da militancia menor de 30 anos a non participar -ou deixar de facelo- no espazo xuvenil do BNG. Respectando o principio de autoorganización xuvenil e entendendo positivo a solución definitiva desta

DITAME DE EMENDAS

problemática nos termos que decida a mocidade, o BNG mellorará a integración de toda esta militancia nas estruturas e traballo da Fronte e coidará as referencias xuvenís na imaxe pública dirixida a este sector, sexan ou non militantes do espazo xuvenil do BNG.”
REXEITADA.

Emenda 239. Páxinas 29 (liña 50) e 30 (liña 1). Substituír o apartado 2.13. polo seguinte texto:

“2.13. Mellora da imaxe de marca:

A imaxe de marca é determinante á hora de definir e identificar unha organización. Co gallo da refundación do BNG analizarase a creación ou adaptación da imaxe de marca da organización e do seu logotipo, acompañado da difusión do novo relato que comporte. A nova marca deberá reflectir a misión, visión e valores do BNG, sendo acompañada dunha guía que conteña unha análise de contexto, os seus atributos, beneficios, personalidade, arquitectura e posicionamento. O proceso irá acompañado dun plan de comunicación cun equipo de traballo para o seu seguimento e implantación progresiva e transversal na organización: dende ó ámbito nacional ao local, tanto nos formatos dixitais -sen efecto retroactivo- coma físicos, sendo aplicada en todas as sedes e asumida por toda a militancia.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 240: *“2.13. Mellora da imaxe de marca.*

Actualizar esteticamente a imaxe visual da organización. A súa implantación será progresiva e transversal: do ámbito nacional ao local, tanto en formatos dixitais coma físicos.”

Emenda 240. O Morrazo. Páxina 30, liña 1. Substituír toda a liña polo seguinte texto:
“Actualizar esteticamente a imaxe visual da organización.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 239.

Emenda 241. O Morrazo. Páxina 30, liña 11. Substituír “Galiza” polo seguinte texto:
“nosa Terra”.
REXEITADA.

Emenda 242. A Estrada-Deza. Páxina 30, liña 14. Acrecentar, após “nacionalista” o seguinte texto:

“de esquerdas”.

REXEITADA.

Emenda 243. O Morrazo. Páxina 30, liña 15. Substituír “da nación galega” polo seguinte texto:

“do pobo galego”.

REXEITADA.

Emenda 244. Pontevedra. Páxina 30, liñas 18 e 19. Substituír o parágrafo polo seguinte texto:

“O BNG defínese como unha forza política de defensa do país”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 245: *“BNG defínese como unha forza política de defensa do País que fai parte dun amplo movemento socio-político de liberación nacional que abranxe diferentes realidades para alén da expresión política”.*

DITAME DE EMENDAS

Emenda 245. Emigración. Páxina 30, liña 18. Acrecentar, após “autodefínese como”, o seguinte texto:

“parte de”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coa 244.

Emenda 246. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Ferrolterra, Emigración. Páxina 30, liña 23. Acrecentar, após “orientación”, o seguinte texto:

“sexual”.

ACEITADA.

Emenda 247. Emigración. Páxina 30, liña 23. Substituír “de orientación” polo seguinte texto:

“de opcións sexuais”.

REXEITADA.

Emenda 248. Compostela. Páxina 30, liñas 26 a 28. Substituír o parágrafo polo seguinte texto:

“O BNG é unha forza pacifista e antimilitarista pois entende como prioridade a defensa da Paz mundial, o desarmamento e a disolución dos bloques militares agresivos e avoga pola resolución pacífica e xusta dos conflitos internacionais.”

ACEITADA.

Emenda 249. Compostela. Páxina 30, liña 32. Ao remate do parágrafo, acrecentar o seguinte texto:

“Do mesmo xeito o BNG defende que as organizacións relixiosas estean excluídas da educación e da sanidade públicas, e, encanto existiren, das concertadas, nomeadamente no que se refire aos centros educativos e ao dereito ao aborto.”

REXEITADA.

Emenda 250. Ourense-O Carballiño. Páxina 30, liñas 43 á 45. Substituír o parágrafo polo seguinte texto, e desprazalo para a liña 9 da mesma páxina (para que sexa o 2º parágrafo do apartado):

“O BNG encarna un nacionalismo transformador, que parte do recoñecemento do carácter insuperabelmente antagónico do capital, e polo tanto traballa para superar o capitalismo, única forma de transformar a vida, salvar a humanidade da barbarie e conseguir unha sociedade nova, realmente democrática, sen discriminacións de xénero, con liberdade e xustiza social.”

REXEITADA.

Emenda 251. O Morrazo. Páxina 30, liña 47. Substituír “nación” polo seguinte texto:

“País”.

REXEITADA.

Emenda 252. Emigración. Páxina 31, liña 4. Acrecentar, após “O BNG”, o seguinte texto:

“como forza política de esquerda”.

REXEITADA.

Emenda 253. Costa da Morte. Páxina 31, liña 13. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

DITAME DE EMENDAS

“Ademais o BNG é consciente de que a nosa lingua é a nai do portugués coa que conforma un conxunto lingüístico e en orde á súa preservación e mutua intelixibilidade defende que se tomen as medidas lexislativas e normalizadoras para a súa progresiva reintegración ao mesmo ámbito lingüístico e a súa defensa da asimilación léxica, fonética e ortográfica polo español.”

REXEITADA.

Emenda 254. Compostela. Páxina 31, liña 18. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“O BNG baseará a súa análise da realidade no método científico, e, polo tanto, rexeita posicionamentos anticientíficos, supersticiosos, esaxerados ou falsos tanto nas súas tomas de posicionamento públicas coma na súa praxe.”

REXEITADA.

Emenda 255. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Emigración. Páxina 31, liña 22. Substituír “as mulleres e as persoas non heterosexuais” polo seguinte texto:

“as mulleres, trans e persoas non heterosexuais”.

ACEITADA.

Emenda 256. Emigración. Páxina 31, liñas 26 e 27. Substituír o parágrafo polo seguinte texto:

“O BNG asume como propia a loita do colectivo LGTBI (persoaslésbicas, gais, trans, bisexuais e intersex) no seu combate contra o patriarcado e contra toda forma de violencia e discriminación sistemáticas que se exerceren contra el. Defende pois, a súa plena soberanía corporal e sexual como suxeitos autónomos e pula pola erradicación total da homofobia, a bifobia, a transfobia e a interfobia.”

REXEITADA.

Emenda 257. Ourense-O Carballiño, Valdeorras, Ferrolterra. Páxina 31, liña 27. Substituír “transexuais” polo seguinte texto:

“trans”.

ACEITADA.

Emenda 258. Valdeorras. Páxina 31, liña 27. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Estamos contra a lesbofobia, a gaifobia, a transfobia, a bifobia e a intersexfobia. Deste xeito loitamos contra o cissexismo e o heterosexismo que se manifesta en forma de bullying, moobing, autorrexeitamento, intentos de suicidio, agresións na rúa ou publicidade enganosa orientada a incrementar o odio cara a diversidade afectivo-sexual. A diversofobia non ten cabida dentro do BNG nin no noso proxecto de país”.

REXEITADA.

Emenda 259. Ferrolterra, Emigración. Páxina 31, liña 28. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“O BNG baseará a súa análise da realidade no método científico, e, polo tanto, rexeita posicionamentos anticientíficos, supersticiosos, esaxerados ou falsos tanto nas súas tomas de posicionamento públicas coma na súa praxe.”

REXEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 260. O Morrazo. Páxina 31, liña 35. Substituír “todas as nacións” polo seguinte texto:

“todos os pobos”.

REXEITADA.

Emenda 261. O Morrazo. Páxina 31, liñas 37 e 38. Substituír “dunhas nacións sobre outras” polo seguinte texto:

“duns pobos sobre outros”.

REXEITADA.

DITAME DO CONSELLO NACIONAL ÁS EMENDAS AOS PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO BNG

Emenda 262. Emigración. Páxina 1, liña 8. Acrecentar, após “liberación nacional”, o texto:

“da Galiza”.

ACEITADA.

Emenda 263. Compostela. Páxina 1, liña 33. Acrecentar ao remate do parágrafo o seguinte texto:

“No exercicio deste dereito, a organización facilitará locais, e publicitará, para a expresión de todas as propostas e para o debate interno, se este for solicitado. No entanto, o límite do dereito á discrepancia vén delimitado por unha banda pola lealdade á organización, no senso de que esa discrepancia non pode devir en ataques que debiliten á propia organización, mais tamén polo tempo, no senso de que unha vez a organización toma unha decisión esta é a de toda a organización e toda a militancia está obrigada a ela, o BNG non é unha organización á carta.”

REXEITADA.

Emenda 264. Compostela. Páxina 1, liña 45. Acrecentar o seguinte texto:

“, cos límites impostos no punto 04.”

REXEITADA.

Emenda 265. Emigración. Páxina 3, liña 1. Substituír “Irradiaren” polo seguinte texto:

“Defender e explicar”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Defenderen e explicaren”*

Emenda 266. Emigración. Páxina 3, liña 7. Substituír “Defenderen” polo seguinte texto:

“Pór en práctica”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“Defenderen e poren en práctica”.*

Emenda 267. Emigración. Páxina 3, liña 7. Acrecentar, após “todos os niveis”, o seguinte texto: *“, comezando polo parroquial ou local.”*

REXEITADA.

Emenda 268. A Coruña. Páxina 3, liñas 27 á 31. Substituír todo o apartado 1.2.3. polo

DITAME DE EMENDAS

seguinte texto:

“1.2.3.- As solicitudes deben formalizarse por escrito ou polos medios dixitais dispostos a tal efecto, onde deberá constar a petición expresa de alta no BNG acompañada da ficha completa cos datos da persoa solicitante e copia do Documento de Identidade ou sinatura dixital. En calquera caso, as peticións de alta no BNG serán tratadas e resoltas na primeira reunión ordinaria do Consello Comarcal. No caso de recibir solicitudes a través de medios dixitais, a Área de [Organización, Comunicación... a que corresponda] da Executiva Nacional comunicará ao correspondente Consello Comarcal os datos da persoa solicitante para a formalización de devandita alta.”

REXEITADA.

Emenda 269. Costa da Morte. Páxina 4, liña 48. Acrecentar, após o punto, o seguinte texto:

“En todo caso para ser recollidos como tais dentro do BNG, os colectivos deben ter existencia real e xurídica, polo que deben estar inscritos como organización nos rexistros administrativos de organizacións políticas.”

REXEITADA.

Emenda 270. A Barbanza. Páxina 4, liña 48. Suprimir “e ás circunstancias políticas do momento”.

REXEITADA.

Emenda 271. Costa da Morte. Páxina 5, liña 11. Substituír “exclusivamente o BNG” polo seguinte texto:

“ao conxunto do BNG”.

ACEITADA.

Emenda 272. Emigración. Páxina 8, liña 41. Suprimir: “Sempre que sexa posíbel”.

REXEITADA.

Emenda 273. Emigración. Páxina 9, liña 18. Substituír “designará unha persoa representante” polo seguinte texto:

“escollerá una representación ao Consello Nacional co mesmo criterio proporcional que as asembleas comarcais, en función do número de militantes”.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“A asemblea da emigración designará representación co mesmo criterio proporcional en relación ao seu número de militantes.”*

Emenda 274. O Ribeiro. Páxina 9, liñas 22 e 23: Suprimir.

REXEITADA.

Emenda 275. Ourense-O Carballiño. Páxina 12, liña 5. Acrecentar, após “movementos sociais”, o seguinte texto:

“e liberdades sexuais e identidade de xénero”.

REXEITADA.

Emenda 276. Ourense-O Carballiño. Páxina 12, liña 20. Acrecentar un novo parágrafo co seguinte texto:

“6.5. Os responsábeis das áreas definidas pola Executiva Nacional exercerán, cando se considerar e sen prexuízo das atribucións da Portavocía nacional, de transmisores

DITAME DE EMENDAS

públicos das posicións da organización na súa respectiva área co fin de trasladar coralmente as posicións políticas do BNG.”

REXEITADA.

Emenda 277. O Salnés. Páxina 14, liña 22. Substituír “mensual” por:

“bimensual”.

REXEITADA.

Emenda 278. A Barbanza. Páxina 14, liña 48. Acrecentar, após “Organización”, o seguinte texto:

“Ecoloxismo”.

REXEITADA.

Emenda 279. Emigración. Páxina 14, liña 48. Acrecentar, após “Acción Feminista”, o seguinte texto:

“movementos sociais”.

REXEITADA.

Emenda 280. Emigración. Páxina 16, liñas 5 e 8. Substituír “estrutura” polo seguinte texto:

“assemblea”.

ACEITADA.

Emenda 281. Emigración. Páxina 16, liña 7. Acrecentar, ao inicio da frase, o seguinte texto:

“Esta estrutura equipárase a nivel orgánico coas comarcas, aínda que”

REXEITADA.

Emenda 282. Compostela. Páxina 16, liña 28. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“Os grupos de traballo carecen de capacidade decisoria, debendo pasar as recomendacións, informes ou conclusións aos órganos correspondentes para estes tomaren as decisións políticas.”

REXEITADA.

Emenda 283. Emigración. Páxina 16, liña 28. Acrecentar, após o punto e seguido, o seguinte texto:

“, ademais poderá participarse por vía telemática.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“, podendo colaborar por vía telemática sempre que sexa posíbel.”*

Emenda 284. A Barbanza. Páxina 17, liña 7. Substituír o apartado 9.7. polo seguinte texto:

“Nestes grupos de traballo nacionais entrarán por defecto e cada vez que se constitúan, entre cada proceso assemblear, todos os cargos institucionais, así como todos os cargos orgánicos, que coordinen esas tarefas sectoriais tanto nos gobernos ou nos cogobernos onde teñamos esas responsabilidades como nas comarcas ou nas localidades correspondentes.”

DITAME DE EMENDAS

REXEITADA.

Emenda 285. Emigración. Páxina 19, liña 22. Acrecentar un novo apartado co seguinte texto:

“f) Insultos, ameazas ou mostras de desprezo a militantes.”

ACEITADA.

Emenda 286. Emigración. Páxina 20, liñas 24 e 25. Suprimir o seguinte texto: “mínimo de sete días e máximo”.

REXEITADA.

Emenda 287. Emigración. Páxina 20, liña 37. Acrecentar, após “persoa interesada”, o seguinte texto:

“mediante seu correo electrónico, e ou teléfono persoal.”

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN: *“por medios que deixen constancia da súa recepción”*

Emenda 288. Compostela. Páxina 22, liña 6. Substituír “Sempre que o solicitar o 20% das persoas presentes” polo seguinte texto:

“cando algunha das persoas presentes o solicitase e obtiver o apoio do 20%”.

REXEITADA.

Emenda 289. Pontevedra. Páxina 22, liñas 43 á 45. Suprimir o apartado 14.5.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 290, 291 e 292: *“14.5. O BNG tenderá a evitar a acumulación de cargos públicos electivos por parte dunha mesma persoa, así como a superación de tres mandatos consecutivos na mesma función. O Consello Nacional é o órgano facultado para, atendendo a necesidades políticas ou organizativas, establecer excepcións a este criterio xeral.”*

Emenda 290. Costa da Morte. Páxina 22, liñas 44 e 45. Suprimir desde “Así” (liña 44) até o final da frase (liña 45).

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 289, 291 e 292.

Emenda 291. Pontevedra, Costa da Morte. Páxina 22, liñas 47 á 49. Suprimir o apartado 14.6.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 289, 290 e 292.

Emenda 292. Pontevedra, Costa da Morte. Páxina 22, liñas 51 e 52. Suprimir o apartado 14.7.

PROPOSTA DE TRANSACCIÓN coas 289, 290 e 291.

Emenda 293. Compostela. Páxina 23, liña 15. Acrecentar un novo apartado co seguinte texto:

“14.11. As persoas elixidas como representantes públicas en representación do BNG terán unha práctica coherente cos principios políticos da organización, nomeadamente no que ten a ver co correcto uso da lingua galega e o principio de laicidade, manténdose estritamente neutrais e en todo momento alleos a calquera pronunciamento ou actividade relixiosa no exercicio do seu cargo público.”

ACEITADA.

DITAME DE EMENDAS

Emenda 294. A Barbanza. Páxina 25, liña 23. Substituír “Executiva Nacional” polo seguinte texto:

“Consello Nacional”.

REXEITADA.

Emenda 295. A Barbanza. Páxina 25, liña 26. Substituír “Executiva Nacional” polo seguinte texto:

“Consello Nacional”.

REXEITADA.

Emenda 296. O Ribeiro. Páxina 27, liñas 28 e 29. Substituír o apartado 25.1. polo seguinte texto:

“25.1. O BNG asume como única bandeira a da banda azul coa estrela encarnada de cinco puntas.”

REXEITADA.